RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2021

***** Declaración Institucional sobre as condicións laborais nos servizos de limpeza de edificios

*Declaración institucional Día das mulleres

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2021, do 29 de xaneiro

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xaneiro de 2021 ata o 19 de febreiro de 2021

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020.

4. Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020.

Comisión de Deporte e Mocidade

5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Ciclismo para financiar a realización da XVII Volta Ciclista a provincia da Coruña, e actividades complementarias de fomento do ciclismo.

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

6. Aprobación da subvención nominativa coa entidade Federación Entidades Empresariales Comercio provincia da Coruña para financiar o proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio"

7. Aprobación da subvención nominativa coa entidade Asociación de Criadores de Frisón A Coruña (AFRICOR) para financiar o proxecto "Accións de mellora da cualidade xenética raza vacún frisona"

8. Aprobación da subvención nominativa coa Federación Rural Galega (FRUGA) para financiar o proxecto " Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da provincia da Coruña"

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

9. Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021; primeira fase

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a financiación de infraestruturas, como consecuencia da cesión do polígono de Sabón ao concello de Arteixo

11. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuizos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

12. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con UNICO CRITERIO de adxudicación, factor prezo) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

13. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

14. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (mediante a aplicación de FORMULAS) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

15. Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO (ou simplificado abreviado) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

16. Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Deportiva e Cultural OCR Allariz polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O Camiño Race".

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

17. Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2020

18. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincedios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2020.

19. Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao exercicio 2020.

20. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2021 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 de aprobación polo Pleno.

22. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes xaneiro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2021.

23. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das

facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

24. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2020.

25. Dación de conta do Informe do Tribunal de Cuentas Nº 1.418 de fiscalización do cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais.

26. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2020.

27. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

28. Solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello de Coristanco

29. Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

30. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Marzo, Abril, Maio e Xuño de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32. Dación da conta do informe sobre datos relevantes do funcionamento da Tesourería, Xestión Tributaria, Recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020

33. Dación de conta da resolución de presidencia número 2484, do 27 de xaneiro de 2021, pola que se nomea persoal eventual.

34. Dación de conta da actividade desenvolvida pola Sección de Información e Actas no ano 2020

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

35. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para financiar as actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo do Concello da Capela, dentro do Plan de Emprego Local

36. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto "Liña 1. Apoio e mantemento da actividade económica. Gastos Correntes, do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, PRESCO" no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021.

37. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do Plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local - PEL, anualidade 2021

38. Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de reactivación Económica e Social do Concello de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9.

Moción que presentan os grupos provinciais DO PSdG-PSOE E BNG pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF)

*** Declaración Institucional sobre as condicións laborais nos servizos de limpeza de edificios**

A principios deste mes representantes do colectivo de limpadoras/es de edificios públicos e instalacións dirixíronse a esta institución coa finalidade de dar a coñecer a súa situación laboral.

Este colectivo agrupa a uns 9.800 traballadores e traballadoras, dos cales a maioría son mulleres con contratos a tempo parcial.

O colectivo, que se ocupa da limpeza de centros de saúde, clínicas privadas e centros de traballo, na actualidade percibe un salario medio que se sitúa ao redor dos 924 euros mensuais a xornada completa, pero este tipo de contratos só supoñen un 15% do total do persoal, xa que o resto son traballadores/as a tempo parcial. A estes salarios escasos debe engadirse que moitos destes empregados/as simultanean os traballos de limpeza en varios centros, o que incrementa os seus gastos, pois en moitos casos non reciben indemnización nin compensación ningunha por estes desprazamentos.

O seu convenio colectivo finalizou en 2020 e atópase en plena negociación o novo convenio.
A única reivindicación dos/as traballadores/as foi a petición dun incremento salarial dun 1,5% para sen máis modificacións do convenio. Pola contra, a patronal ofrece un incremento 0% e a modificación do artigo 8 que regula o aumento de xornada. Este artigo refírese a que cando se xubila un empregado ou empregada -e tendo en conta que o 85% dos contratos o son a tempo parcial-, en lugar de contratar a outro para realizar o seu traballo, repártense as horas entre o resto do persoal ata alcanzar a xornada completa, provocando un prexuízo económico a estes traballadores e traballadoras no momento da súa xubilación. Ao mesmo tempo, a patronal propón tamén a modificación do apartado do convenio referido á xubilación anticipada que, ata agora, realízase a pedimento do traballador, propoñendo que sexa necesario o acordo entre traballador e empresa, o que na práctica faino de imposible aplicación no 99% dos casos.

Para situar o conflito no contexto actual, convén lembrar que debido á pandemia, este sector é dos poucos que non se atopan en crise, antes ao contrario, a maior parte destas empresas ou ben obtiveron novos contratos ou ben melloraron os existentes para atender as necesidades de saúde pública, xa que ademais de limpar agora deben realizar tarefas de desinfección, polo que os seus ingresos se incrementaron, pero non así os salarios dos traballadores e traballadoras.

Para finalizar, importa lembrar o papel destacado que durante a primeira onda da pandemia tiveron todos os/as traballadores/as do sector que, como traballadores esenciais, abordaron a situación traballando sen descanso, de forma valente, sen medios nin formación adicional e con importante aumento da súa penosidade laboral polo uso constante de produtos desinfectantes.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

1. O recoñecemento ao labor fundamental desenvolvido polas traballadoras e os

traballadores do sector da limpeza na realización de tarefas de desinfección necesarias para garantir a saúde da cidadanía, tanto nos centros de traballo públicos, como privados, clínicas, centros de saúde, etc.

2. Instar á patronal do sector da limpeza de servizos públicos e instalacións a que atenda as xustas reivindicacións salariais das súas traballadoras e traballadores, e que non elimine a escasa posibilidade que teñen de acceder a un salario digno mediante o incremento da súa xornada laboral a tempo completo.

*** Declaración institucional Día das mulleres**

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga porque a pesares dos avances que se produciron nos últimos anos se algo demostrou a crise sanitaria sen precedentes que estamos a vivir é a importancia da nosa forza para soster o presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, e temos a obriga de continuar coas actuacións políticas que centren os seus obxectivos na consecución de maiores cotas de igualdade e que repercutan claramente na mellora da nosa posición en todos os ámbitos.

A pandemia fixo visible o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visibles no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións e a carencia dun sistema público de servizos básicos forte

A crise da Covid-19 deixou en Galicia unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial continúa a superar o 20% e ten tamén o seu impacto na fenda das pensións. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres.

Hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema "sen coidados non hai vida" e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

Nesta liña afonda a "Resolución del Parlamento Europeo, de 21 de xaneiro de 2021, sobre la estratexia de la Unión para la igualdade de xénero" na que se recolle que o 80 % das persoas coidadoras asistenciais na Unión o son como coidadores informais, na súa maioría mulleres (75 %), o que repercute gravemente na fenda de xénero en materia de pensións. Entre o 7 % e o 21 % dos coidadores informais reducen as súas horas de traballo e entre o 3 % e o 18 % acaban abandonando o mercado laboral. A fenda salarial de xénero na Unión é do 16 %, incrementándose ata o 40 % cando se teñen en conta as taxas de emprego e a participación xeral no mercado laboral, que inevitablemente isto repercute nas pensións onde a fenda é do 37 %. Do mesmo eito a participación no traballo a tempo parcial é moi desigual (o 8 % dos homes fronte ao 31 % das mulleres), o que revela unhas desigualdades persistentes cuxas causas de fondo deben de ser abordadas.

Igualmente considera que a trata de seres humanos é un sector en crecemento da delincuencia organizada, unha forma de escravitude e unha violación dos dereitos humanos, e que afecta principalmente as mulleres e as nenas e nenos (95 %), en especial con fins de explotación sexual; que o mercado da prostitución fomenta a trata de mulleres e menores e agrava a violencia que sofren, polo que compre deseñar políticas sociais e económicas de maneira que axuden ás mulleres e nenas vulnerables a abandonar o sistema prostitucional, tamén mediante a introdución de políticas sociais e económicas específicas deseñadas para axudalas.

Tamén fai referencia ás mulleres das zonas rurais, xa que se atopan cun maior número de barreiras que condicionan as súas oportunidades e calidade de vida: menos e máis restrinxidas ortunidades de emprego, maior illamento e distancia que aumentan as dificultades de acceso a servizos públicos, condicionan o acceso á educación, á atención sanitaria. Mulleres que están infrarrepresentadas nos foros de toma de decisións, con escasa visibilidade do seu rol no desempeño do seu traballo, o que da lugar á falta de recoñecemento do seu aporte á vida económica e social nas vilas e aldeas.

Desde a Deputación da Coruña, no marco das nosas competencias e da diagnose de igualdade aprobada, estamos facendo un traballo de colaboración e coordinación cos concellos da provincia cos que xa mantivemos varias xuntanzas para poñer impulsar medidas concretas e coordinadas que contribúan a conseguir unha sociedade máis igualitaria e xusta. Unha das medidas que consideramos máis importante e dotar de persoal técnico especializado aos concellos, unha grande eiva nestes momentos, e que terán que desenvolver labores de detección de necesidades, seguimento e avaliación de intervencións, programación, asesoramento , planificación e coordinación de medidas etc.

A maiores nas vindeiras semanas imos desenvolver unha campaña denominada " Moito por cambiar" en que se van desenvolver unha serie de accións formativas en que os temas serán : o emprego, a precariedade e a feminización da pobreza; os traballos de coidados e a sustentabilidade das vidas e corpos, violencias e saúde, e nas que se vai incorporar na análise o impacto do COVID-19. Nesta liña tamén se están facendo esforzos no impulso de actuacións no eido social e económico a través de medidas de acción positiva que, con perspectiva de xénero, contribúan e devolver ás mulleres as taxas de emprego e de crecemento previas.

Queda moito que mellorar, moito por facer, a rede de concellos pola igualdade é un obxectivo inmediato unha vez que ser resolva a contratación do novo persoal, rede que terá como funcións principais a coordinación e a posta en marcha actuacións conxuntas, medidas de acción, intervención, formación e proxectos que contribúan desde a colaboración institucional, e tamén coas entidades do territorio, a mellorar o obxectivo dun maior impacto nas accións que se desenvolvan.
Por todo o exposto o Pleno do Deputación

Acorda

1.) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego que neste 2021 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da

pandemia da covid-19.

2.) Impulsar a Rede de Concellos pola Igualdade tal e como se recolle na Diagnose e plan de acción de igualdade co obxectivo de que mediante a colaboración e a coordinación as medidas e accións teñan o maior impacto posible e contribúa deste xeito a unha maior prevención, formación e acompañamento.

3.) Reafirmar o noso compromiso en poñer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nun lugar central dentro da política pública (económico, social, laboral etc.) de modo que a perspectiva de xénero se incorpore a todos os niveis e en todas as etapas, creando as condicións necesarias que permitan dinamizar as políticas de igualdade.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2021, do 29 de xaneiro

Apróbase a acta da sesión anterior, número 1/2021, do 29 de xaneiro

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xaneiro de 2021 ata o 19 de febreiro de 2021

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xaneiro de 2021 ata o 19 de febreiro de 2021

3.- Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **80.000,00 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para financiar *o Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020,* cun orzamento subvencionado de 175.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de febreiro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito ao Orzamento de 2021.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o "Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes".

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV "Nosa Señora de Belén", de Santa Cristina de Fecha, AVV "A Unión de Santa María de Villestro", AVV de A Rocha "Serafín Zas" e AVV "Ruta Xacobea".

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello

de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do ***Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2020***, que se indica deseguido:

As accións incluídas neste programa son as seguintes:

* *Programa de animación e dinamización dixital - Novas tecnoloxías 2020.-* Actividades formativas e aulas abertas de informática de uso libre.

* *Programa de educación e formación permanente 2020*.- Monográficos, cursos e obradoiros.

* *Programas estacionais 2020.- "Vive o verán", "12 doces de outono" e "Vive o Nadal"*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal		***172.500 €***
	h. totais	*orzamento*
Persoal animación sociocultural	*4.827*	*73.916,48 €*
Villestro A Gracia Laraño, Lavacolla e Verdía Bando, Figueiras Marrozos Eixo Rocha		
Persoal de animación sociocultural e dinamización dixital	*2.470*	*32.037,17 €*
Busto, Marantes, Grixoa e Peregrina Enfesta, Nemenzo, Peregrina, Sta. Cristina de Fecha, Verdía		
Persoal de alfabetización dixital	*960*	*15.957,48 €*
A Gracia, Bando, Laraño, Lavacolla, Figueiras e Marrozos		
Persoal de formación permanente e obradoiros de actividades	*948*	*35.730,18 €*
Persoal programas puntuais		*14.858,69 €*
Vive o verán, 12 doces de outono e vive o Nadal		
Gastos en material non inventariable		**2.500,00 €**
TOTAL		**175.000,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **45,71** %.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,71 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2021.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o

Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse

realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

4.- Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020.

1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **120.000 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020,* cun orzamento subvencionado de 224.102,73 € , de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de febreiro de 2020.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito ao Orzamento de 2021.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuíto de 1.268,50 m^2 na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita "obra benéfico-social en colaboración" foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de

2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do ***sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2020***, que se indica deseguido:

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, Unidade básica de Servizos Sociais, Departamento de Xuventude, Unidade Téctica da Rede de Centros Socioculturais, Biblioteca infantil e xuvenil afundación e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

1.- Cursos formativos:

- Anuais: club de lectura, club de xadrez, club de teatro infantil e de adultos.
- Trimestrais: cidadanía dixital, programando xogando nenos/as, aprender xogando nenos/as, club de creación dixital, libre office intensivo adultos/sénior,

youtuberios para mozos, follas de cálculo Calc, editor de texto Writer, informática ende cero, introdución ás redes sociais, informática para nenos.
- Monográficos de novas tecnoloxías.
- Obradoiros de novas tecnoloxías e de teatro.

2.- Actividades complementarias e de apoio aos contidos e obxectivos doutras actividades organizadas no Centro.

3.- Actividades puntuais: Campañas solidarias, Tropa verde, entroido, actividades de verán, samaín, nadal, Letras Galegas, Campaña contra a SIDA, espectáculo *12 doces de outono.*

4.- Actividades sociais ou de relación coa veciñanza: venres en familia e colaboración nas festas e actividades do barrio.

5.- Actividades da rede de centros: exposicións, programa de excursións e viaxes, imos ao baile, visitas culturais e roteiros, torneo de xadrez interxeneracional.

6.- Programa Apego: actividades de apego á lingua para crianzas e familias.

7.- Préstamos de espazos a entidades e asociacións.

9.- Accións na rede: blog, facebook, páxina web e correo electrónico.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.
O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal

4 uxieres	90.548,19 € .
2 animadores socioculturais	95.268,13 € .
1 auxiliar administrativo	38.286,41 € .

Total gastos	***224.102,73 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **120.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **53,55 %.**

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,55 % da

cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela

unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2021.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro

de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Ciclismo para financiar a realización da XVII Volta Ciclista a provincia da Coruña, e actividades complementarias de fomento do ciclismo.

Apróbase, por unanimidade, a retirada da orde do día deste asunto.

6.- Aprobación da subvención nominativa coa entidade Federación Entidades Empresariales Comercio provincia da Coruña para financiar o proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio"

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe
2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Federación de Entidades Empresariales del Comercio da Provincia da Coruña a través do proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio " ten por finalidade a creación e desenvolvemento dunha campaña en toda a Provincia da Coruña que pretende sensibilizar ás novas xeracións sobre a importancia do comercio de proximidade no desenvolvementos das nosas vilas e cidades.

- A entidade está composta por 21 asociación que á súa vez representar e aglutinan a centos de comerciantes da provincia da Coruña e que teñen a intención de levar a cabo un proxecto para a promoción do comercio de proximidade denominado "Campaña os pequenos co pequeno comercio".

- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concorrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste principalmente pretende lograr a promoción do comercio de proximidade nas vilas e cidades da Provincia da Coruña.

- Un dos obxectivos da campaña é por un lado concienciar ao consumidor de que compre no comercio tradiconal; e por outro conseguir que o pequeño comercio sexa parte fundamental das nosas vida, e polo tanto a campaña incide na importancia do comercio local como creador de emprego, riqueza e futuro nas nosas vilas e cidades.

- Cabe considerar, ademais, na campaña participarán os centros escolares da provincia e todos os comercios asociados como plataforma de difusión da promoción.

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo

- Por outra banda terase en conta a incidencia na importancia de mercar no comercio local para axudar a superar a crise económica como a que se está

producindo actualmente polos efectos da pandemia COVID-19.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA CIF G15031263, para financiar o proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio" A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 11.692,23 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 30 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4142/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Campaña os pequenos co pequeno comercio".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. …… O representante da Deputación da Coruña,

Doutra parte Don Miguel Agromau, …….o representante da Federación de Entidades Empresariales del Comerdio da Provincia da Coruña.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

1º Consideran de gran interese para a provincia a realización do evento que "Os pequenos co pequeno comercio" xa que se tratao dunha campaña de sensibilización sobre a importancia do comercio de proximidade na vida dos nosas vilas e cidades, asi como a importancia de adquirir produtos fabricados en Galicia coa consecuente creación de empergo.

2º Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA CIF G155031263, para o financiamento do proxecto Programa de "Campaña os pequenos co pequeno comercio".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	**IMPORTE**
Estratexia, realización e produción de campaña de sensibilización sobre as vantaxes e posibilidades do pequeño comercio entre escolares da provincia da Coruña	2.150,00 €
Deseño e maqueteación de pezas promocionais e informativas: Web, Roll ups, carteis, anuncios, cuñas de radio, folletos, cartas informativas	1.950,00 €
Produción e distribución de pezas de campaña: - Impresión de 4.000 carteis para centros escolares e comercios - Impresión de 4.000 unidades de material informativo de campaña - Embalaxes para envío a centros esccolares, comercios e Asociacións de Comerciantes. Empaquetado, clasificación e envío a todos os centros escolares e comerción porvinciais. - Información e reparto directo a comerciantes na Coruña, Ferrol e santiago	13.880,00 €
Creación e prgramación de Web, micoriste para xestión do concurso de vídeo e creación de espazos en RRSS……..	4.900,00 €
Organización e seguimento do concurso. Recepción e clasificación de audiovisuais. Redacción de bases, convocatoria de xurados e premiados	1.130,00,€
Organixaciónde acto de engrega de premios (pendente definir si presencial ou virtual a través de streaming segundo condicións sanitarias)	3.000,00 €
Campaña de markenting online en RRSS Conmunity Manager. Insercións publicitarias en FB e Instagram	5.200,00 €
Total……..32,210,00 € 21% IVE……..6.764,10 € TOTAL	**38.974,10 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 11.692,23 € € o que representa unha porcentaxe de 30% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30% % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento

previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4142/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE ENTIDADES

EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste

prazo adicional non eximirá FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL

EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro
tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO

DE LA PROVINCIA DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2020** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño do ano 2021 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2021** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación por Resolución de Presidencia poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada pro Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA A perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da entidade
Valentín González Formoso	FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE LA PROVINCIA DA CORUÑA

7.- Aprobación da subvención nominativa coa entidade Asociación de Criadores de Frisón A Coruña (AFRICOR) para financiar o proxecto "Accións de mellora da cualidade xenética raza vacún frisona"

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Apreciánse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

A a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) a través do proxecto "Accións de mellora da calidade xenética, raza vacún frisona" ten por finalidade aglutinar ás ganderías interesadas na mellora do gando de Raza Frisona para acadar os seguintes obxectivos:.

- A través do programa "Control Leiteiro", permitir, a recollida datos por parte dos controladores,nas visitas mensuais que realizan ás ganderías asociadas, participar na mellora xenética da Raza Frisona,e ao mesmo tempo,xerar información válida para a xestión técnico-económicco da propia granxa.

- A información xerada polo "Control Leiteiro" servirá de soporte para a avaliación xenética dos machos e femias reprodutores da Raza Frisona.Ademais as explotacións inscritas no "Control Leiteiro" reciben informes de gran importancia para orientar a selección xenética, alimentación, calidade do leite, sanidade, reprodución etc., do gando, co obxectivo de mellorar a rendibilidade.

- O importe da axuda provincial verá determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo

Por outra banda o proxecto desenvolvido pola entidade AFRICOR está motivado polos seguintes beneficios:

1. Control da produción individual de cada vaca.
2. A información xerada polo Control Leiteiro serve de soporte para a avaliación xenética dos machos e femias reprodutoras da Raza Frisona.
3. Que as explotacións inscritas no Control Leiteiro reciban informes de orientación de selección xenética.

No ano 2020 AFRICOR conta con 27 técnicos controladores e 2 persoas na oficina, que dan servizo a mas de 900 ganderías que contan cun censo de 72.000 vacas reprodutoras.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) CIF 15361413 para financiar o proxecto Accións de mellora da calidade xenética, raza vacún frisona" A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 64,80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de "Accións de mellora da calidade xenética, raza vacún frisona
".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)

1 Consideran de gran interese para a provincia a realización de probas xenómicas no maior número de explotacións na provincia da Coruña para localizar aos animais con maior potencial de transmisión e deste xeito seleccionar as mellores nais para incrementar o rendimento produtivo da futura descendencia e aumentar a rendibilidade das explotacións.
Estas probas realizanse a través do programa "O Control Leiteiro"
.
2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) con CIF G15361413, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Accións de mellora da calidade xenética, raza vacún frisona".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
GASTOS DE LABORATORIA (GENOTIPADO LD)	21.900,00€
OUTROS GASTOS VARIOS (QUILOMETRAXE, TUBOS, AGULLAS ETC)	1.250,00€
TOTAL GASTOS PROBAS XENÓMICAS	**23.150,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000,00 €** € o que representa unha porcentaxe de **64,80%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 64,80% %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4141/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións

necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a

achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de outubro ao 31 de decembro de 2020.**
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)RURAL GALEGA (FRUGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de outubro de 2020 ata o 31 de decembro do ano 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con antero de ioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2021 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abrill de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada por Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR)perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISIÓN (AFRICOR), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

Asociación Provincial de Criadores de raza frisona (AFRICOR

8.- Aprobación da subvención nominativa coa Federación Rural Galega (FRUGA) para financiar o proxecto " Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da provincia da Coruña"

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe
2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

- A Federación Rural Galega FRUGA a través do proxecto “Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da Provincia da Coruña” ten por finalidade principal a defensa dos intereses das asociacións vinculadas ao medio rural galego e asociadas á mesma así como á información, formación, investigación e transferencia de coñecementos en actividades relacionadas co rural galego, e nomeadamente a agraria, en calquera das súas formas

- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concorrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste principalmente na implantanción e seguimento da compostaxe individual mediante a implantación dun porgrama que persigue a captación de participantes na compostaxe individual por medio de charlas-coloquios divulgativos, comunicados, folletos etc..

- Un dos obxectivos principais en principio cunha experiencia piloto nos concello eminentemente rurais de Mazaricos e Zas, é promover a concienciación entre a pobación destes concellos da necesidade de reducir a deposición de restos orgánicos nos contentores e do seu aproveitamento o que tería de redundar na mingua da factura de recollida de residuos do concellos e por outra banda xerar un recurso que acrecente a fertilidade as terras da veciñanza..

- Cabe considerar, que este proxecto será estensible ao resto dos concellos da provincia da Coruña.

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo

- Por outra banda o proxecto desenvolvido pola entidade FRUGA está

motivado polos seguintes beneficios:

- Permite achegar o tratamento ao punto de xeración, pois a compostaxe é un método sinxelo. Que ocorre de xeito espontáneo na natureza, polo que no require de tecnoloxía complexa.

- Redúcense as emisión de gases efecto estufa ou invernadoiro.

- Redúcense os gastos actuais derivados do transporte e tratamento dos residuos, ao reducirse a cantidade de fracción sin diferenciar, posto que actualmente os biorresiduos non está a recibir un tratamento específico.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) CIF G70237904, para financiar o proxecto "Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da Provincia da Coruña"A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 48.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,55 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de "Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da Provincia da Coruña".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)

1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do proxecto "Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da Provincia da Coruña" que ten como obxectivo entre outros a defensa dos intereses das asociacións vinculadas ao medio rural galego e asociadas á mesma para a realización de actividades como promoción dun desenvolvemento rural sustentábel social, económica e ambiental o que supón a mellora da calidade de vida no medio rural galego, coa dotación necesaria de servizos e infraestructuras para as pesoas e as explotacións.
.

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) con CIF G70237904, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Proxecto piloto de compostaxe nos concellos rurais da Provincia da Coruña".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
ALUGUER LOCA DEL TRBALLO	3.250,00
MATERIAL DIDÁTICO, DIVULGATIVO E PUBLICIDADE	5.000,00
GASTOS DE LOCOMOCIÓN-KILOMETRAJE	2.520,00
CUSTOS LABORAIS	37.680,00
SEGURIDADE SOCIAL	11.888.04
TOTAL	60.338,04

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **48.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **79,55%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 79,55 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación

orzamentaria **0510/4141/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias

debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021**
2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2022 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe

correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada por Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

FEDERACIÓN RURAL GALEGA (FRUGA)

Deputación DA CORUÑA

9.- Aprobación do Plan de Conservación de vias provinciais 2021; primeira fase

1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2021, PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 7.902.029,66.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2021.1100.0001.0	GRUPO 1A ORTIGUEIRA	**127.151,14**
2021.1100.0002.0	GRUPO 1B CARIÑO	**271.802,63**
2021.1100.0003.0	GRUPO 2 MAÑON E AS PONTES	**118.181,76**
2021.1100.0004.0	GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	**283.725,76**
2021.1100.0005.0	GRUPO 4 FERROL E NARON	**264.628,96**
2021.1100.0006.0	GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	**320.935,44**
2021.1100.0007.0	GRUPO 6 ARES, FENE,MUGARDOS E NEDA	**94.232,17**
2021.1100.0008.0	GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	**297.012,87**
2021.1100.0009.0	GRUPO 8 IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	**266.656,11**
2021.1100.0010.0	GRUPO 9 OLEIROS E SADA	**327.358,65**
2021.1100.0011.0	GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS	**327.053,21**
2021.1100.0012.0	GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS	**325.008,98**
2021.1100.0013.0	GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIROS, CURTIS E OZA-CESURAS	**346.176,51**
2021.1100.0014.0	GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO	**173.387,43**
2021.1100.0015.0	GRUPO 13B BOIMORTO, MESIA E VILASANTAR	**124.895,27**
2021.1100.0016.0	GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	**248.367,67**
2021.1100.0017.0	GRUPO 15 ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO	**198.131,93**
2021.1100.0018.0	GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	**328.845,26**
2021.1100.0019.0	GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDA E LARACHA	**390.293,62**
2021.1100.0020.0	GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO	**351.500,95**
2021.1100.0021.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	**154.949,50**
2021.1100.0022.0	GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	**161.523,20**
2021.1100.0023.0	GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	**215.504,63**
2021.1100.0024.0	GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	**258.684,98**
2021.1100.0025.0	GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES	**227.804,30**
2021.1100.0026.0	GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA	**282.203,65**
2021.1100.0027.0	GRUPO 25 BRION, DODRO, PADRON E ROIS	**233.355,28**
2021.1100.0028.0	GRUPO 26 AMES, SANTIAGO,TEO E VEDRA	**180.213,54**
2021.1100.0029.0	GRUPO 27 BOIRO E RIANXO	**173.370,39**

**RPT-6654235

2021.1100.0030.0	GRUPO 28 POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	**382.214,29**
2021.1100.0031.0	GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	**139.659,62**
2021.1100.0032.0	GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS	**205.761,67**
2021.1100.0033.0	GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	**101.438,29**
	TOTAL	**7.902.029,66**

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a financiación de infraestruturas, como consecuencia da cesión do polígono de Sabón ao concello de Arteixo

1º.- Aprobar o texto e a formalización do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A FINANCIACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, COMO CONSECUENCIA DA CESIÓN DO POLIGONO DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO,** cunha achega provincial de **3.564.098,70 €** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0410/4221/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento indicado na táboa para cada medida, respecto dun orzamento de **3.624.519,57 € euros.**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo)	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo)	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	0	**0**	

2º.- A eficacia do presente convenio queda condicionada a redacción, supervisión e aprobación dos correspondentes proxectos e a existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A FINANCIACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, COMO CONSECUENCIA DA CESIÓN DO POLIGONO DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO

A Coruña, de 2021

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso.
E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, Don José Carlos Calvelo Martínez.
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos,

estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

O Polígono de Sabón foi promovido pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar a instalación de industria pesada que podía ser atraída pola Refinería de Petróleo inaugurada en 1964.

Para iso, a Deputación provincial redactou o Plan de ordenación parcial do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e as súas ordenanzas que regulan o uso dos terreos incluídos neste Polígono que foron aprobados pola Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo o 30-10-1965 (BOP do 11-11-1965).

O investimento orzado foi de 200 millóns de pesetas, en dúas fases, a primeira de 130 millóns a cargo dun crédito do Banco de Crédito Local á Deputación provincial e a segunda financiouse con cargo á venda das parcelas industriais.

En 1966 levantáronse as actas previas á ocupación, redactáronse e aprobaron os proxectos de construción das infraestruturas e o 28 de outubro de 1966 adxudícanse as obras da primeira fase.

As primeiras empresas instálanse a principios dos anos 70, estando, nestes momentos, practicamente ocupado ao 100 %. E este polígono configúrase como un motor esencial no desenvolvemento da actividade industrial e económica, así como un eficaz instrumento dinamizador da creación de emprego na provincia.

A xestión do Polígono e dos seus servizos foron asumidos pola Deputación ata a data, en que, dado o gran desenvolvemento do Concello de Arteixo e no espírito de colaboración entre ambas as dúas administracións, o 5 de xuño de 2013, asinouse o Protocolo para a Definición, Coordinación e Programación das Actuacións para a Recepción, polo Concello de Arteixo, das Obras de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón propiedade da Deputación Provincial da Coruña".

En cumprimento do citado protocolo o Pleno da Corporación na súa sesión do 30 de setembro de 2014 aprobou inicialmente o expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo e o texto do convenio de colaboración entre a Ecxma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión. Na sesión de 27 de novembro de 2014 aprobou definitivamente do expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo. O convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesion de infraestruturas, servizos e parcelas do poligono de Sabón, formalizouse o 04/12/2014 co número 297/2014.

A Deputación, en cumprimento do citado convenio, transferiu as infraestruturas que se indican na cláusula II e as parcelas que se indican na cláusula IV do mesmo.
Na cláusula III do convenio incluíanse as obras que haberían de realizarse de acordo co Plan Director de Actuacións que se incorporaba como anexo III.

No Pleno da Deputación de data 23/12/2016 aprobouse a modificación do citado

convenio, e en data 30/12/2016 asinouse o convenio de colaboración 206/2016 entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo para a modificación do convenio 297/2014 para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do polígono de Sabón, que entre outros aspectos modificaba a cláusula III e anexo do convenio formalizado o 04/12/2014.

Este convenio preveía unha prórroga ata o 12/12/2018.

Previo estudo pola Comisión de Seguimento prevista no convenio, considerouse necesario realizar modificacións no Plan Director para adaptalo á realidade e as necesidades do Polígono de Sabón.

As actuacións derivadas destes convenios atópanse na situación que se detalla na tabla que se incorpora como anexo a este convenio.

En virtude de todo o exposto, ambas partes conveñen en aprobar o seguinte convenio:

1.-OBXECTO:

1.1.- AMBITO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e financiación para a execución das obras necesarias derivadas do Plan Director de Actuacións do Polígono de Sabón e das novas necesidades acreditadas polo Concello de Arteixo, dando continuidade ás actuacións xa realizadas en virtude dos convenios 297/2014 de 04/12/2014 e 206/2016 de 30/12/2016

2. OBRAS QUE SE HAN DESENVOLVER FINANCIADAS POLA DEPUTACION

2.1.-OBRAS:

As obras que se han realizar se incorporan ao Plan Director de Actuacións do Polígono de Sabón

A Deputación provincial e o Concello de Arteixo, expresan a súa conformidade na valoración das posibles actuacións que se han realizar nas obras de urbanización do Polígono de Sabón para adecuar tecnicamente estas aos tempos actuais.

As actuacións que se acordan son as seguintes:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo). Lote 1	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %

**RPT-6654235

Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	0	0	

2.2.- PROXECTOS E ORZAMENTOS:

2.2.1.- O Concello de Arteixo redactou as seguintes memorias valoradas:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo)	1.810.914,50 €
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo)	495.230,26 €
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469,00 €
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719,00 €
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €

2.2.2.- A redacción dos proxectos técnicos corresponde ao Concello de Arteixo.

Os proxectos técnicos serán obxecto de supervisión polos servizos técnicos da Deputación, que comprobarán que a súa finalidade se adecúe ao obxecto do convenio de mellora dos servizos do Polígono, co obxecto de garantir o cumprimento do presente convenio.
A aprobación dos proxectos a realizará o órgano competente do Concello de Arteixo, e na Deputación mediante resolución de Presidencia.

O resumo do orzamento das actuacións do presente convenio e que se incorpora ao Plan director de actuacións do Polígono de Sabón é o que se recolle no apartado 2.1 anterior.

Calquer incremento no importe dos proxectos en relación cos importes reflictidos nas memorias valoradas, serán por conta do Concello de Arteixo.

2.3.- FINANCIAMENTO DEPUTACION

A Deputación provincial, asume, con cargo ao seu orzamento, o financiamento das actuacións recollidas no presente convenio con arreglo ao indicado na cláusula 2.1 anterior, que ascende a 3.564.098,70 €.

O financiamento provincial citado imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4221/762.01, do Orzamento provincial do exercicio 2021, condicionado á aprobación do correspondente expediente de modificación de créditos e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O detalle da financiación será o seguinte:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO

			DEPUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo)	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo)	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	0	0	

No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total, a Deputación só achegará o importe que represente o porcentaxe de financiamento indicado no cuadro anterior, da cantidade efectivamente xustificada.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados dos contratos de execución das obras cuxos proxectos se aprobaron previamente por resolución da Presidencia**.** Non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

Para atender á achega provincial comprometida habilitarase o crédito necesario no correspondente expediente de modificación de créditos, a cuxa entrada en vigor se condiciona a eficacia do presente convenio. En todo caso, a Deputación levará a cabo as actuacións orzamentarias necesarias para permitir o financiamento das achegas ao presente convenio durante a súa vixencia.

O prazo para a execución das actuacións obxecto deste convenio iníciase coa entrada en vigor do presente convenio e estenderase ata o 31 de outubro de 2025, polo que deberá xustificar antes do devandito prazo a finalización das obras.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Concello de Arteixo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

3.- REDACCIÓN DE PROXECTOS,

O Concello de Arteixo redactará os correspondentes proxectos, que serán sometidos a supervisión por parte da Deputación.

A aprobación dos proxectos previo a tramitación que proceda, corresponde ao

Concello de Arteixo e, unha vez aprobados, deberán remitirse a esta Deputación para a súa aprobación aos meros efectos de verificación de cumprimento dos requisitos establecidos no presente convenio.

4.- DISPONIBILIDADE DE TERREOS

Unha vez aprobados os proxectos, o Concello de Arteixo tramitará os correspondentes expedientes expropiatorios ou as adquisicións necesarias para obter a plena disponibilidade dos terreos afectados polas obras e instalacións, sendo a súa conta os gastos que diso se deriven.

5.- OBTENCIÓN DE AUTORIZACIÓNS E PERMISOS

Corresponde ao Concello de Arteixo solicitar todas as autorizacións e permisos que sexan necesarios para realizar as obras comprendidas no presente convenio.

6.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E CONTRATOS CONEXOS

O Concello de Arteixo, de acordo cos proxectos aprobados, licitará e contratará as obras correspondentes.

Así mesmo, contratará a redacción dos proxectos, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, sendo a cargo deste Concello os gastos que diso se derive.

No procedemento de contratación, o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

No caso de que o Concello tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

Nas licitacións dos proxectos que sexan executados con cargo ao presente convenio, cando exista Mesa de Contratación, figurará un técnico representante da Deputación provincial.

7.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS. ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

O Concello notificará a Deputación a adxudicación e formalización dos contratos e solicitará a presencia dun Técnico da Deputación na comprobación do replanteo.

8.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Arteixo estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

9.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación para a execución de obras, efectuarase previa presentación por parte do Concello de Arteixo da correspondente certificación de obra aprobada polo órgano competente e acompañada da documentación que se indica a continuación:

1.a) Primeira certificación de cada obra: achegarase a seguinte documentación:

- 1.a.1. A correspondente **certificación de obra aprobada polo órgano competente**
- 1.a.2. Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: procedemento de adxudicación, prego de cláusulas administrativas, empresa adxudicataria, contrato, importe do contrato e prazo de execución
- 1.a.3. **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- 1.a.4. Acreditación do cumprimento das **obrigacións tributarias e coa Seguridade Social**
- 1.a.5**. Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- 1.a.6. **Acreditación da colocación do cartel informativo** mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

1.b) A achega da Deputación correspondente ás restantes certificacións de cada obra aboarase previa presentación da seguinte documentación.

1. 1.b.1. Certificación de obra aprobada polo órgano competente.
2. 1.b.2. Acreditación do cumprimento das **obrigacións tributarias e coa Seguridade Social**
3. 1.b.3. **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2. Finalizada completamente cada unha das obras, o Concello de Arteixo deberá achegar, coa última certificación, a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- **2.1. Acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **2.2.** Acreditación do cumprimento das **obrigacións tributarias e coa Seguridade Social**, d**eclaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- **2.3.** Acreditación do cumprimento das **obrigacións de publicidade** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Arteixo.

10.-TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto, deberán estar finalizadas antes de 31 de outubro de 2025. Unha vez finalizadas as obras, o Concello de Arteixo deberá presentar a xustificación documental á que se refire o presente convenio nun prazo máximo DUN MES contado a partir da súa finalización. Os devanditos prazos poderán ser prorrogados por causas xustificadas.

2. Transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación algunha, estarase ao disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e Bases de execución do Orzamento da Deputación.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

11.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Arteixo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

12.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Arteixo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria.

13.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Arteixo poderá ser incluído pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de

colaboración.

2. Da mesma forma, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Arteixo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

14.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado no presente convenio e a data do pago efectivo ao terceiro.

15.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación das obras e concello perceptor da subvención serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no articulo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no articulo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Arteixo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro

de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

16-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento formada por catro vocais a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos presidentes, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

17.- VIXENCIA E EFICACIA

A eficacia do presente convenio queda condicionada a redacción, supervisión e aprobación dos correspondentes proxectos e a existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades e conservará a súa vixencia ata o día **30 de NOVEMBRO do 2025.**

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Estas condicións acreditaranse expresamente a través de resolución de presidencia previos os informes preceptivos.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula X, deberá solicitar **antes do 31 de outubro de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe restante. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula 10 do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

18.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o .
E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Deputación DA CORUÑA

ANEXO
ACTUACIÓNS INCLUIDAS NO CONVENIO 2016

CAPÍTULO	ACTUACIÓN	PTO. OBRA (IVE INCLUÍDO)	IMPORTE A SUBVENCIONAR	PARTIDA ORZAMENTARIA	CÓDIGO PROXECTO	APROBACIÓN	OBSERVACIÓNS
1 ABASTECEMENTO			**3.040.788,71**				
	1.1 Reposición tubaxe de fibrocemento en polietileno	241.898,57	241.898,57	**0410/4221/76201**	**2017.7493.0001.0**	**R.P. 192 11/01/2017**	**FINALIZADA**
	1.2 Finalización rede interior polígono auga potable en polietileno	0,00	0	NON TRAMITADA POLO CONCELLO			
	1.3 Rede contraincendio con hidrantes	82.981,44	82.981,44	**0410/4221/76201**	2017.7493.002.0	R.P. 17112 15/07/2016	**FINALIZADA**
	1.4 Mellora da captación do encoró do Rosadoiro e da ETAP fase II	**1.210.000,00**	**405.912,36**	**0410/4221/76201**	**2017.7493.0003.0**	**R.P. 178 11/01/2017**	**CON ESTE CREDITO PRETÉNDESE TRAMITAR O CONVENIO 2021, CON OUTRA DENOMINACION (LOTES 1 E 2)**
	1.5 Novo colector de abastecemento ao Concello de Arteixo para servizo á rede xeral, ao polígono industrial de Sabón e ao porto exterior e conexión de saneamento ao porto exterior	**5.179.149,59**	**2.309.996,34**	**0410/4221/76201**	**2017.7493.0004.0**	**R.P. 185 11/01/2017**	
2 SANEAMENTO			**411.789,33**				
	2.1 Reposición tubaxe de formigón en PVC	134.369,00	134.369,00	0410/4221/76201	2017.7493.0005.0	**R.P. 17116 15/07/2016**	**FINALIZADA**
	2.2 Reforma integral	277.420,33	277.420,33	0410/4221/76201	2017.7493.0006.0	**R.P. 177**	**PENDENTE DE**

	do pozo de bombeo situado na Avda. do Embalse. Polígono Industrial de Sabón					**11/01/2017**	**SUBSANACION DOCUMENTACION**
	2.3 Cámaras de descarga automática en arranque de colectores	0,00	0	NON TRAMITADA POLO CONCELLO			
3 ILUMINACIÓN			**524.673,82**				
	3.1 Substitución luminaria a leds	524.673,82	524.673,82	0410/4221/76201	2015.7493.0002.0	**R.P. 11814 02/06/2015**	**FINALIZADA**
4	------	------	------				
5 PAVIMENTOS							
	5.1 Reforzo de firmes no Polígono de Sabón	296.427,13	296.427,13	0410/4221/76201	2017.7493.0007.0	**R.P. 179 11/01/2017**	**FINALIZADA**
6 ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES			**848.190,00**				
	6.1 Adecuación espazos libres e zonas verdes	**848.190,00**	**848.190,00**	**0410/4221/76201**	**2017.7493.0008.0**	**R.P. 22496 23/09/2016**	**CON ESTE CREDITO PRETÉNDESE TRAMITAR O CONVENIO 2021, CON OUTRA DENOMINACION (3 SENDAS)**
	TOTAL		**5.121.868,99**				
Mellora da captación de auga do encoro de Rosadoiro e da ETAP (Fase I)	627.591,99	627.591,99	0410/4221/76201	2015.7493.0001.0	R.P. 14923 09/07/2015	**PENDENTE DE SUBSANACION DOCUMENTACION**	
Sustitución das bombas do bombeo de Rañal	169.810,02	169.810,02	0410/4221/76201	2015.7493.0003.0	R.P. 11815 02/06/2015	**FINALIZADA**	
TOTAL		**797.402,01**					
IMPORTE TOTAL		**5.919.271,00**					

11.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuizos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuizos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE DEBERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1)Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do RD 105/2008.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forma parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 20.1 LCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e se está suxeito ou non a regulación harmonizada.

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais

De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes da LCSP os criterios sociais e ambientais están recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución, e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoal) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc…

1.4) Principios.

De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) FINANCIAMENTO.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3. B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe

5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

4) REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, con xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executase, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego). En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade, á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a Administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.

6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo

1. Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP)

2. Non estean incursas en prohibicións para contratar coa Administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP,

3. E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou se atopen debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art. 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

Os licitadores acreditarán a clasificación e/ou a solvencia a través da declaración que incluirán no documento único europeo de contratación a que se refire a cláusula 12.a.1

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación.

Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

En consecuencia os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; as empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 deste prego) do seguinte modo:

<u>A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea:</u> Poderán optar:

A.1 Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económica e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1. b).

<u>B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.</u>

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a. volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do

empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b. Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c. xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a. Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

b. Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e

financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3. LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a. Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados comunicaraos directamente a autoridade competente ao órgano de contratación.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán esta consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último desempeñe directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para executar as obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da

documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuado e proporcionado á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2.Regra específica para as empresas de nova creación:

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado.

Para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF de unión temporal, todo iso dentro do prazo de quince días

seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración desta será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

II.- ADXUDICACIÓN

9) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.
O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación)

10) ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego publicarase no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.1. b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 20 e 156.2 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea. Publicarase, ademais no Perfil de Contratante, integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de Internet no enderezo que se indica na epígrafe14 do cadro de características do contrato.

11) PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

11.1. Contratación e licitación electrónica.
A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos nesta plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1.A .1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), en tres sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.1.A .2.) De conformidade co artigo 119 LCSP, no suposto de que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante.

11.1.A .3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.1. B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1. B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de 35 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio á oficina de publicacións da unión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.1. B.2.). Este prazo redúcese en 5 días máis por aceptación de ofertas por medios electrónicos.

11.1. B.3.) Este prazo reducirase a quince días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 134 LCSP (156.3 LCSP).

11.1. B.4.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas no epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións, en función das variables anteriormente indicadas.

12) PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

12.A .-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A: Subtitulado "Documentación".

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación: (artigo 140 e 141 LCSP).

12.A.1.- Declaración responsable:

Axustada ao FORMULARIO DO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC), cuxa ligazón figura na epígrafe 11 do cadro de características do contrato.

12.A .2.-Compromisos e declaracións

12.A .2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art. 76 LCSP).

12.A .2.2. Compromiso de levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

12.A .2.3. Declaración relativa a criterios de desempate.

Para estes efectos deberán presentar o documento que figura como anexo 7.

12.A .3.Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 8 do presente prego.

12.A.4. Empresas estranxeiras

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitante

12.A.5. Empresas non comunitarias

12.A.5.1Informe de reciprocidade e Sucursal en España.

Informe de reciprocidade: As empresas non comunitarias deberán presentar o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas neste.

12.A.5.2 Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refiren os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2)

12.A.6. Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

.

12.B. SOBRE B: Subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliables de forma automática.

Conterá a seguinte documentación de referencias técnicas :

12.B.1)Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais,

sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria

- plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas

- plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna

- diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución

- listaxe de medios humanos e maquinaria que se vai utilizar na obra

- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo).

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Neste apartado non se valorará a redución do prazo, posto que neste apartado valorarase a forma de organizar, planificar, programar e coordinar os medios materiais e persoais e a forma de execución, sistemas construtivos, etc

12. B.2) Actuación ambiental:

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.

- Rexeneración de espazos.

- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.

- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4. c do RD 105/2008.

- Medidas de aforro enerxético.

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso

- Plano de ordenación dos materiais sobre a parcela

- Plano de situación de vertedoiros e puntos limpos que se van utilizar durante a obra

- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental

- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa

- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van empregar na obra

- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

12. B.3) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- Control de calidade nos materiais que se van empregar
- Control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- Control de calidade nas probas finais de instalacións
- Calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade:

a. Medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade

b. Sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberanse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211.1. f LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego. A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade

12.B.4.) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se van adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- Declaración responsable de que realizará auditorías periódicas en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.B.5 .- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica:

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán asinalos electronicamente o administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

14) GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 106 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación poderá celebrar as súas reunións de forma presencial ou telemática.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisión emendables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico que conteña as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 146 e segs. LCSP, e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a Administración comunicaralle ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración Das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliables mediante fórmulas

O Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición a designará o órgano de contratación, a proposta da Mesa de Contratación), emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliables de forma automática, á vista da documentación incluída polos licitadores no arquivo ou sobre electrónico B: "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliables de forma automática mediante fórmulas.

1 CRITERIOS DE CALIDADE: Plan de Control Interno de Calidade.

2 CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN, PROGRAMACIÓN E DE EXECUCIÓN: Programa de traballo:

3 CRITERIOS AMBIENTAIS E ECOLÓXICOS: Programa de actuación ambiental

4 CRITERIOS LABORAIS: Esquema do Plan de seguridade e saúde:

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

PUNTUACIÓN MÍNIMA. As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no anexo IV na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática

- Oferta económica

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- Criterios Sociais : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, contratación desempregadas/os e plans de igualdade.

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

Procedemento:

Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao arquivo ou sobre electrónico B, para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (ofertas económicas e demais criterios

avaliables de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán abrirse.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados que manifesten as dúbidas que se lles presenten ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición se presentase fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que ten erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.-Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non se pode cumprir como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen estas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%

- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. En todo caso, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%

- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media soa coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta :

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a. O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
b. As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.
c. A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
d. Ou respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
e. Ou á posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se deberá presentar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A.Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores

- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B Maquinaria

B.1 Alugamento e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra:
   Neste caso deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.
3. Relación entre custo laboral fixo e volume de obra contratada:
   Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada.

4. Cumprimento de obrigacións salariais.
   Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, o órgano de contratación, co informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non deran lugar a desempate.

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc.) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de constrinximento, así como a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

No entanto no disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a Administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo

indicado neste apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación concretará o órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, despois da tramitación do correspondente expediente de contratación.

De igual maneira se actuará para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueles contratos conexos que fosen necesarios para executar as obras.

16) ADXUDICACIÓN

16.1. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requiririase o licitador que presentase a mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:

O licitador que presente a mellor oferta deberá presentar a documentación que se indica a continuación salvo que se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que a citada documentación se corresponda coa esixida na presente cláusula e se atope vixente. En todo caso deberá constituírse a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria. Ademais deberá presentarse a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13 ,14 e 15 da presente cláusula.

16.1.1.- Acreditativo da personalidade e capacidade.

1. a).- Persoas físicas: documento nacional de identidade/ NIF, pasaporte, NIE ou documento equivalente.

1. b).- Persoas xurídicas: Escritura de constitución e /ou no seu caso de modificación, inscrita no rexistro mercantil, no caso das persoas xurídicas.

16.1.2.- Representación

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar a persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar rexistrado previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo Regulamento do rexistro mercantil.

No entanto será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de Apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro oficial de licitadores e empresa clasificadas do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea.

Verificación da suficiencia

Os poderes a que se refire o apartado anterior, deberá verificarlles a suficiencia previamente o secretario da Corporación ou funcionario/a habilitado/a, no caso de non estar rexistrados nos ditos rexistros.

16.1.3.- Clasificación

No caso de que sexa esixible a clasificación, documento acreditativo de que conta coa correspondente clasificación, nos grupos, subgrupos e categorías que se detallan na epígrafe 7 do cadro de características.

16.1.4.- Solvencia, cando non sexa esixible a clasificación e, en todo caso, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea

16.1.4.1 SOLVENCIA TÉCNICA ECONÓMICA E FINANCEIRA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que se atopa clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.4.2.SOLVENCIA TÉCNICA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que se atopa clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.5.- Inexistencia de prohibición para contratar

Tendo en conta que na cláusula 12.a.1 esíxese que os licitadores cubran o Documento Europeo Único (DEUC), onde se inclúe a declaración relativa a non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar esta declaración.

16.1.6.- Enderezo electrónico habilitado para notificacións

Designarase un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitado» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de contratación optara por realizar as notificacións a través deste.

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8.- En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada unha das empresas integrantes da UTE tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 7 desta cláusula.

16.1.9 A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación destas.

16.1.10.-Garantías:

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren non pagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibir na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar a entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

16.1.11.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometa a dedicar ou adscribir á execución do contrato

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. <u>MEDIOS MATERIAIS</u>

	CARACTERÍSTICAS	NÚM. UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A. Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B. Núm. de traballadores coa especificación se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou relación nominal de traballadores (RNT)

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

16.1.12.- Estabilidade no emprego:

Acreditación documental dos requisitos esixidos na cláusula 12. C.2

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal
- Do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal
- *Do número de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procederan de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego*

16.1.13.- Plan de igualdade.

Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade, e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, se é o caso.

16.1.14.- Nos supostos previstos na cláusula 15.5 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, e da contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.15.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.a.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar

16.1.16 Índice de documentos presentados

16.2 Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 71, 72, 73 LCSP

16.3 Adxudicación

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 Notificación
A adxudicación notificaráselles aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16.5 Empresas non comunitarias
As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

a. Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44 e 153 LCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

   Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá o adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b. Nos restantes casos, é dicir se o contrato non é susceptible do recurso especial, a formalización do contrato deberá efectuarse como máis tarde nos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíra, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO,

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista,

despois da notificación ao enderezo do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudira, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación de replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obrigación esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde, o plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do RD 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.
A aprobación do plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao Presidente da Corporación despois do informe do coordinador de seguridade e saúde.
Así mesmo corresponderalle ao Presidente da Corporación a aprobación do plan de residuos nos casos que proceda.
Atendendo á natureza e duración da obra, o Presidente da Corporación, por proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.
En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación apertura centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da Acta de comprobación de replanteo.
O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, dará a autorización para inicialas, facéndose constar este aspecto explicitamente na acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS.

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante este prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a. Do cartel da obra.

b. Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregarlle á Administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. Esta documentación poderá utilizala a Administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e rexeitamento de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra despois do exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da Administración tiveran examinado ou recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruinase ou sufrise deterioracións graves, incompatibles coa súa función, con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a emenda destas

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non fose posible, en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a “Dirección da obra”.

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar estas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS, IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014).

O contratista estará obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a Administración, o director de obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a Administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción desta, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada polo Real decreto lei 14/2019 do 31 de outubro .

24) PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentarlle ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento das obrigacións derivadas da citada normativa

25) RESPONSABILIDADE. DANOS.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe.

.O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 deste prego, asumindo os gastos que diso deriven

27) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución:

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallan a continuación :

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego

- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoito meses anteriores á súa contratación

- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores á data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación..

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigación esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE.

A Administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola Administración, que verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Esta Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da Administración e non se lle reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse en todo caso xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que estes ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe da última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá proceder á emisión e presentación da factura correspondente e do resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da, xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciarase o cómputo de trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; no entanto, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, devolveráselle ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presentaran de novo en punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) debidamente emendados.

O contratista terá o deber de presentar a factura electrónica. que conterá certificación das obras realizadas, no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) para efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I deste prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Despois de aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos dispostos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se

emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da Administración fose superior a seis meses. (art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 deste prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características vaian quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar a dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada **a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.**

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan despois da audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23, 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe ca o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia núm. 2017/ 41284 , e que pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

En canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra coa autorización previa do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a. Que exista petición expresa do contratista, na que acompañe documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b. Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c. Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d. Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en

que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e. Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra, non podendo exceder o 50 por 100 do prezo desta unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a. O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b. No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c. O cálculo da cantidade que se vai aboar acompañarase dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d. Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. En canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á Administración, poderán cedelo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS.

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou, o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A Administración terá esta facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

34.1. Supostos .

Este contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a. Cando así se previu neste prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b. Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista neste prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, despois de audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co disposto nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. **Non terán a consideración de modificacións (art. 242.4 LCSP):**

34.3.1.**O exceso de medicións**

Entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións recollerase na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas

normas de desenvolvemento, sempre que:

1. Non supoñan incremento do prezo global do contrato

2. Nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5.En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade, e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. Este contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións. A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas, onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o seu contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva;

O procedemento que vaia seguirse para realizar a modificación será o seguinte:

1.-proposta motivada do redactor do proxecto ou no seu caso do director.

2.-Autorización do órgano de contratación.

3.-Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días

4.- Informe de Secretaría (ou Asesoría Xurídica en municipios do título X Lei 7/85, de bases de réxime local)

5.- Fiscalización por Intervención.

6.-Existencia de crédito adecuado e suficiente.

7.- Aprobación polo órgano de contratación.

8.- Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3 Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos.

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global.

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

As modificacións non previstas no presente prego, ou que sendo previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, son os seguintes:

34.7.1.A) Cando deviñese necesario engadir obras, adicionais ás inicialmente contratadas, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:

34.7.A .1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico,

Por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou as dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A .2.º Modificación cuantitativa.

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

Coa condición de que se cumpran as tres condiciones seguintes:

34.7.1. B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade destas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1.C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciara a tramitación do

expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8.Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.9 Regra específica neste contrato de obras

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación

Os prezos aplicables a estas fixaraos a Administración, logo da audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificacións que contemplen unidades de obra que vaian quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a medición parcial destas, deberá comunicarse á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10 . Tramitación.

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula LCSP, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para os intereses públicos

O órgano de contratación poderá acordar que estas continúen provisionalmente tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1.- O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2.- E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se vai tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a. Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que vai realizar e a xustificación de que a modificación se atopa nun dos supostos previstos no apartado 2 do artigo 203.

b. Audiencia do contratista.

c. Conformidade do órgano de contratación.

d. Certificado de existencia de crédito.

e. Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non vaian quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.:

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS.

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2.Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalará:

1.-A parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- E a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- E xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberalle notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso de que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán a obrigación de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegando as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os

subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se previu nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Obrigacións

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito ao presente prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Obrigación de cumprimento de prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou

subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A Administración contratante, a través da dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitiranlle á Administración contratante, cando esta o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro , no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo IX do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.2.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da Administración remitiralle un exemplar da acta para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director destas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deterioran por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a Administración contratante, á conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fóra favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a execución destas a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá financialo integramente o concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as dispostas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246. LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12,18, 23,27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes poderá interporse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
	Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio orzamentario importe (IVE INCLUÍDO) 202… 202....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas do proxecto): …….. Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	□ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada □ b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicarán en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	□ Non se esixe □ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____	

	_____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) □ Plataforma de contratación do sector público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (cláusula 11) □ B) Tramitación urxente: _____ días .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)	https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece
13.CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web Deputación:www.dacoruna.gal Enderezo páxina web concello: ----------
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo final ofertado, IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos :. (cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FORMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. No entanto a Administración co fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE …….
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil de contratante integrado en plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de ……...
rúa_____
núm. _____ provincia ---------- país…..
teléfono_____
con DNI /NIF (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm._____
actúa en nome propio (ou en representación de _____.

DNI ou NIF núm._____
e con domicilio no municipio de _____.
rúa_____
núm. _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de _____
e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta as obrigacións derivadas dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indique o que proceda):*

a. ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b. ___ Concorre coa/as seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE…… euros).

B) imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe……euros

C) TOTAL (A+ B)…….euros

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal é de ___ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de _____ persoas

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en cadro de persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de ____ persoas[1], o que representa un ___ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en cadro de persoal.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo ou por tempo indefinido e a xornada completa en cadro de persoal é de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas en persoal.

5.4.- O número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de -----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

(Lugar, data e firma)

6º.- PLAN DE IGUALDADE (marque o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

O de de 20__

O licitador (asinado)

[1]Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa nocadro de persoal dos últimos 12 meses.

.

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- A. DOCUMENTACIÓN (ARQUIVO OU SOBRE A)
- B. REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B)
- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1Indique sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

1º.- Para cada criterio de valoración establécese un abano de puntuación mínima e máxima, que determinará o órgano de contratación.

2º.- Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV.II.

3º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliables mediante fórmulas non poderán exceder do 44% do total de puntos, e os avaliables mediante fórmulas do 56%, e dentro deste o prezo deberá representar polo menos un 50% dos criterios avaliables mediante fórmulas.

FASE I

A-CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade(cláusula 12 e15) **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra

Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.

- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vai realizar a propia empresa e a administración.

- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos

- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: **de 0 a 15 puntos**

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

<u>b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15):</u> ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 0 **a 20** puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)**

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental,

na empresa e na obra

Abano: de 0 **a 10** puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)**

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan **unha** definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental , esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica:

Abano: de 0 a 40 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

https://www.dacoruna.gal/valoracion/

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Abano: de 0 a 10 Puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador (cláusula 12), terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que conten cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Abano de 0 a 10 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C (cláusula 12), conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal **recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que conten cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**
- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa:Obterán a máxima puntuación as empresas que conten cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**
- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Abano de 0 a 5

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Abano de 0 a 5 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade		
	Programa de traballo		
	Programa de actuación ambiental		
	Esquema do Plan de seguridade e saúde		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA EXECUTAR A OBRA. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

(cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚM. UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.a.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento, coa documentación xustificativa, de acordo co previsto na cláusula 16 e 12.a .2..

Anexo VI.

ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NESTE PREGO. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20%,do prezo inicial,

as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificabl	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII

COMPROMISOS E DECLARACIÓNS

Nome e apelidos _____

con domicilio no concello de _____

provincia de _____ *país* _____ *rúa* _____ *núm.* _____ *teléfono* _____ *correo electrónico*_____ *con DNI/NIF núm.* _____

en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ *con DNI/NIF* _____ *e domicilio no concello de* _____ *rúa* _____ *núm.*_____ *provincia de* _____ *país*_____. *teléfono* _____, *correo electrónico* _____ *á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de -Título:*_____
_____

1º) Declara que se compromete a adscribir á obra…… os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa disto a que se refire a cláusula 16.1.11 no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa[2]

2º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

3º) Declara:

3.1) Que o número global de traballadores no cadro de persoal é de _____, *sendo o número particular de traballadores con discapacidade no cadro de persoal é de* _____, *o que representa un* _____*% (superior en…. % , ao mínimo legal establecido)*

3.2) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal é do _____ *%*

3.3) Que a porcentaxe de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación é de -------%

(Lugar, data e firma do propoñente)

[2] O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211 e 192.2.LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

Anexo VIII

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela[3]

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \ldots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a (P $b_i = \frac{B_i}{P}100$, $i = 1, \ldots, n$),

[3]Investigadores
Juan M. Viaño Rei – Catedrático de Matemática Aplicada - USC
José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} b_i = \frac{B_m}{P}100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentados,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \ldots, n,$
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \ldots, n.$

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, por tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores ca cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, por tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores ca cero e menores ca o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- *Se* $b_{max} < 15$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max}\frac{b_{max}}{15}.$
- *Se* $15 \le b_{max} < 25$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_{max} - 15}{10}.$
- *Se* $b_{max} \ge 25$ *entón* $W_{\max} = V_{\max}.$

2.2. Valoración económica entre 0 *e* W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos da forma seguinte (ver as figuras 1 a 3):

- Si $b_{max} \leq 10^{-6}$ entón $V_i = 0.$
- Si $10^{-6} \leq b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15}.$
- Si $15 \leq b_{max} < 25$ entón

1. Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15},$
2. Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_i - 15}{10}.$

- Si $b_{max} > 25$ entón

1. Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15},$
2. Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_i - 15}{b_{\max} - 15}.$

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se alcanza se a baixa máxima (b_{max}) e igual ou superior o 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \ldots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$) . Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propomos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 15$.



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{max} < 25$.



Figura 3: Representación gráfica de as puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non exixible neste contrato ☐

Esixible neste contrato ☐consonte ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

12.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con UNICO CRITERIO de adxudicación, factor prezo) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para contratar mediante procedemento ABERTO (con UNICO CRITERIO de adxudicación, factor prezo) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, FACTOR PREZO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1) Obxecto do contrato

Este contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato

Para os efectos deste prego e da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 20.1 LCSP.

Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato e estase suxeito ou non a regulación harmonizada.

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais

De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais recóllense neste prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución, e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e deberes de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais)

normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación de persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc.

1.4) Principios

De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102.1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) FINANCIAMENTO

3.1. Obras de carácter anual

Para atender os deberes económicos que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3. B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta, en todo caso, o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego

4) REVISIÓN DE PREZOS

4.1. Obras de carácter anual

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual

Se o contrato ten carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorran dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se indiquen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR

6.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo

1.- Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP)

2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP.

3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou estean debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art. 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas

que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

Os licitadores acreditarán a clasificación e/ou a solvencia a través da declaración que incluirán no documento único europeo de contratación a que se refire a cláusula 12.a.1

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación

Para contratar coa administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; as empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos Estados Signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A .Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A .1.Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a realización de contratos do mesmo tipo e importe ca aqueles para os que se obtivo e para cuxa realización non se esixa estar en posesión desta.

A .2.Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refira o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refira o apartado 7.2.1. b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a .1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o cal estea vencida o deber de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.A .2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a. Volume de negocios e patrimonio neto: a achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b. Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.A .3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizarase a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase realizar segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras, así como dos técnicos encargados directamente dela.

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. Regra **específica para as empresas de nova creación**

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos

Para acreditar a solvencia necesaria para realizar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado

Para os efectos do cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o NIF da unión temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data

en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN

9) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo)

10) ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

10.1.a) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente prego publicarase no Perfil de Contratante (art. 156.6 LCSP), integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.1. b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada: De conformidade co disposto nos artigos 20 e 156.2 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no Diario Oficial da Unión Europea. Publicarase, ademais no Perfil de Contratante, integrado na plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de Internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRÓNICA

11.1.Contratación e licitación electrónica

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, na dirección electrónica que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (ART. 20 LCSP)

11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), en DOUS sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa **documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.**

11.1.A .2.) De conformidade co artigo 119 LCSP, no suposto que o expediente se declare de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais, contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil do contratante.

11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil de contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na plataforma de contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.1. B) Contratos suxeitos a regulación harmonizada (ART. 20 LCSP)

11.1. B.1.) Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada o prazo de presentación de proposicións será de 35 naturais, contados desde a data de envío do anuncio á oficina de publicacións da Unión Europea (Diario Oficial da Unión Europea).

11.1. B.2.). Este prazo redúcese en 5 días máis por aceptación de ofertas por medios electrónicos.

11.1. B.3.) Este prazo reducirase a quince días, se se publicou o anuncio previo a que refire o parágrafo 1º do artigo 134 LCSP (156.3 LCSP).

11.1. B.4.) Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 9 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

Na epígrafe 10 indícase o prazo de presentación de proposicións, en función das variables anteriormente indicadas.

12) PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN

12.A .-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A: Subtitulado "Documentación"

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación: (artigo 140 e 141 LCSP).

12.A.1.-Declaración responsable: Axustada ao FORMULARIO DO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC), cuxa ligazón figura na epígrafe 11 do cadro de características do contrato.

12.A .2.- Compromisos e declaracións

12.A.2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art. 76 LCSP).

12.A.2.2. Compromiso de levar o cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

12.A.2.3. Declaración relativa a criterios de desempate.

Para estes efectos deberán presentar o documento que figura como anexo 7.

12.A.3. Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 8 do presente prego.

12.A.4. Empresas estranxeiras

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

12.A.5. Empresas non comunitarias

12.A.5.1 Informe de reciprocidade e sucursal en España

Informe de reciprocidade: As empresas non comunitarias deberán presentar o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas nel.

12.A.5.2 Sucursal en España e designación de apoderados: Ademais da declaración responsable a que se refiren os apartados anteriores, as empresas non comunitarias, deberán achegar un compromiso de apertura dunha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (art. 68.2)

12.A.6. Índice de documentos que integran o sobre

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12. B. SOBRE B: Os licitadores non terán que presentar este sobre ao ser todos os criterios avaliables de forma automática.

12. C. SOBRE C: "Oferta económica"

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12. C.1.-) Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente.

14) GARANTÍA PROVISIONAL

En consonancia co disposto no art. 106 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

15.1 Actuación da Mesa

A Mesa de Contratación poderá realizar as súas reunións de forma presencial ou telemática

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisión emendables,

rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 146 e ss LCSP, e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e sobre os que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, a mesa fará as aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregaron durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición se presentase fóra de prazo ou en formato papel ou non garde concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, ou declarar deserta a licitación cando non exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible, motivando, en todo caso, a súa resolución.

15.3.- Criterios de valoración

A adxudicación do contrato realizarase utilizando un único criterio de adxudicación, factor prezo, adxudicándose á oferta máis económica sen prexuízo do establecido no presente prego para as ofertas anormalmente baixas.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen estas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%

- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. En todo caso,

excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%

- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media soa coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:

-Xustificación dos prezos ofertados

-Volume de obra

-Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.

b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras,

c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.

d) Respecto das obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP

e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se ha de achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar ou non a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A.Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Alugamento e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. Cumprimento deberes salariais.

Presentarase a declaración e xustificación de cumprimento de deberes salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, o órgano de Contratación, logo do informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas que se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren os deberes aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase, en todo caso, que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de

presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non dese lugar a desempate.

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias disposta na LCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acorde a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra

No acordo ou resolución de adxudicación concretará o órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a dirección da obra se realice

mediante contrato de servizos, despois da tramitación previa do correspondente expediente de contratación.

Actuarase de igual maneira para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueloutros contratos conexos que fosen necesarios para a execución das obras.

16) ADXUDICACIÓN

16.1. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR QUE PRESENTARA A MELLOR OFERTA

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentara a mellor oferta para que dentro do prazo de dez días hábiles, contado desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:

O licitador que presente a mellor oferta deberá presentar a documentación que se indica na continuación salvo que estea inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresa clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, para cuxos efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición, sempre que esta documentación se corresponda coa esixida na presente cláusula e estea vixente. En todo caso deberá constituír a garantía definitiva, e no seu caso, a complementaria. Ademais deberá presentar a documentación indicada nos apartados 11, 12, 13 ,14 da presente cláusula.

16.1.1.- Acreditativo da personalidade e capacidade

1.a).- Persoas físicas: Documento nacional de identidade/ NIF, pasaporte, NIE ou documento equivalente.

1.b).- Persoas xurídicas: Escritura de constitución e /ou no seu caso de modificación, inscrita no rexistro mercantil, no caso das persoas xurídicas.

16.1.2.- Representación

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañar poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar rexistrado previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do Rexistro Mercantil.

No entanto será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de Apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea.

Verificación de poderes

O poder a que se refire o apartado anterior, deberá verificar a suficiencia previamente o secretario ou secretaria da Corporación ou funcionario/a habilitado/a, no caso de non estar rexistrados nos citados Rexistros.

16.1.3.- Clasificación

No caso de que sexa esixible a clasificación, documento acreditativo de que conta coa correspondente clasificación, nos grupos, subgrupos e categorías que se detallan na epígrafe 7 do cadro de características.

16.1.4.- Solvencia, cando non sexa esixible a clasificación e, en todo caso, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea

16.1.4.1 SOLVENCIA TÉCNICA ECONÓMICA E FINANCEIRA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que está clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.4.2. SOLVENCIA TÉCNICA

No caso de que non sexa esixible clasificación, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia técnica, alternativamente por medio do documento acreditativo de que está clasificado no grupo, subgrupo e categoría que se indica na epígrafe 8 do cadro de características ou mediante os requisitos específicos de solvencia económica técnica que se indican na cláusula 7.

16.1.5.- Inexistencia de prohibición para contratar

Tendo en conta na cláusula 12.a.1 esíxese que os licitadores cubran o Documento Europeo Único (DEUC), onde se inclúe a declaración relativa de non estar incurso en prohibicións para contratar coa administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar esta declaración.

16.1.6.- Enderezo electrónico habilitado para notificacións

Designarase un enderezo de correo electrónico no que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitado» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de Contratación opte por realizar as notificacións a través dela.

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8.- En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada unha das empresas integrantes da UTE tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 7 desta cláusula.

16.1.9.- A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da seguridade social ou autorice ao órgano de Contratación para obter de forma directa esa acreditación.

16.1.10.- Garantías

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 LCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da Mesa de Contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, préstese unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran non pagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento, no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

16.1.11.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚM. UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) núm. de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou relación nominal de traballadores (RNT)

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

16.1.12.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.a.2 e no seu caso do persoal que se ha de subcontratar.

16.1.13.- Nos supostos previstos na cláusula 15.5 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.14.- Índice de documentos presentados

16.2 CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN OU PRESENTACIÓN INADECUADA DA DOCUMENTACIÓN

De non atenderse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, solicitándose, nese caso, esta documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.
Todo iso sen prexuízo do sinalado no art.71, 72, 73 LCSP

16.3 ADXUDICACIÓN

O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 NOTIFICACIÓN

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16.5 EMPRESAS NON COMUNITARIAS
As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44 e 153 LCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Despois de transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de Contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, é dicir se o contrato non é susceptible do recurso especial, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde de quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíse, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO,

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación ao enderezo do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación de replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obrigación esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe da obra que se ha de realizar..

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao presidente da Corporación logo do informe previo do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación da apertura do centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar, pola súa conta, un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o prazo en que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá retirar, pola súa conta, o cartel.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar, pola súa conta, os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregarlle á administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderá utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DOS TERREOS

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e en toda a documentación que o integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non acepta os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruinase ou sufrise deterioracións graves, incompatibles coa súa función, con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios

ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a súa emenda.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non é posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a "Dirección da obra".

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as citadas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de deber esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014)

O contratista estará obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de Contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción desta, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada polo Real decreto Lei 14/2019 do 31 de outubro .

24) PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentarlle ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento dos deberes derivados da citada normativa.

25) RESPONSABILIDADE. DANOS

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, esta será responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2. Custodia e conservación

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o seu mantemento ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 deste prego, asumindo os gastos que diso se deriven

27) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL.

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución:

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallan a continuación:

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego

- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoito meses anteriores á súa contratación

- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores á data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do art. 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigación esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar .

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, de proceder, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido neste apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da administración e non se lle reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse, en todo caso, xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que estes ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar se se emendaron os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe na última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute consonte ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a)Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Despois de expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá emitir e presentar a factura correspondente e o resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da contratación de traballadoras desempregadas, xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento deste deber formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciarase o cómputo de trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento do deber; no entanto, se a documentación presentada adoece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, polo que non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) debidamente emendados.

O contratista terá o deber de presentar a factura electrónica que conterá certificación das obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de Contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecido o deber de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contén algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberalle comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración é superior a seis meses. (Art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA

31.1. Medicións.- A Dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executadas ás que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a Dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan, logo da audiencia previa ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe ca o da certificación, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 de cada mes.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia núm. 2017/ 41284, e que pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningún xeito a aprobación e recepción das obras que comprenden.

En canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamento a conta por materiais amoreados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra logo da autorización previa do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a. Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b. Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c. Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d. Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e. Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non ten a regulamentaria descomposición de prezos e non figura no proxecto o custo inicial este fixarao Dirección da obra, e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamento a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a. O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b. No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c. O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d. Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais acumulados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a súa notificación irrefutable do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á administración. En todo caso, a administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS

Se se produce un atraso na execución das obras, por motivos non imputables ao contratista, e este ofrece cumprir o seu compromiso dáselle unha prórroga do tempo que lle sinale o órgano de Contratación, este poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS

34.1. Supostos

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a. Cando así se prevexa neste Prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b. Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista neste Prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes foron preparados por un terceiro alleo ao órgano de Contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, coa audiencia previa ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co sinalado nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (art. 242.4 LCSP)

34.3.1. O exceso de medicións

Entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

1. non supoñan incremento do prezo global do contrato

2. nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5. En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade,e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade.

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións. A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas, onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.

O procedemento que haberá que seguir para realizar a modificación será o seguinte:

1. Proposta motivada do redactor do proxecto, ou no seu caso do director .

2. Autorización do órgano de Contratación.

3. Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días.

4. Informe de Secretaría (ou Asesoría xurídica en municipios, título X Lei 7/85, de bases de réxime local)

5. Fiscalización por Intervención.

6. Existencia de crédito adecuado e suficiente.

7. Aprobación polo órgano de Contratación.

8. Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3. Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7.MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NA DOCUMENTACIÓN QUE REXE A LICITACIÓN

As modificacións non previstas neste prego, ou que estando previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando as modificacións en cuestión cumpran os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes

34.7.1.A) Cando sexa necesario engadir obras, adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes

34.7.1.A.1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico

Por exemplo que se obrigase ao órgano de Contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou as dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de Contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de realizar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A .2.º Modificación cuantitativa

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivera lugar a licitación do contrato

A condición de que se cumpran as tres condiciones seguintes:

34.7.1. B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais

Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao realizado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1. C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista esta só será acordada polo órgano de Contratación coa conformidade previa por escrito

deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

34.9 REGRA ESPECÍFICA NESTE CONTRATO DE OBRAS

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación.

Os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, logo da audiencia previa do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificación que contemple unidades de obra que vaian quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a súa medición parcial deberá comunicarse á Intervención da administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de que, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10. Tramitación

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de Contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público.

O órgano de Contratación poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1. O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2. E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se vai tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a. Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van realizar e a xustificación de que a modificación está nun dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203.

b. Audiencia do contratista.

c. Conformidade do órgano de Contratación.

d. Certificado de existencia de crédito.

e. Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de Contratación coa conformidade previa por escrito del, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de Contratación a intención de realizar os subcontratos, que sinalen:

1.- a parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- xustificará suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditará que este non está incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberá notificarlle por escrito ao órgano de Contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da realización do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán o deber de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán realizarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa realización é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras as dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se prevexa nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Deberes

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito ao presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento dos deberes en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a administración dos subcontratos realizados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán, en todo caso, natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á administración contratante polos deberes contraídos con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Deber de cumprimento dos prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de Contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán á administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro , no que lle sexa de aplicación. Estes deberes considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo VIII deste prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se despois de transcorrer este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo establecido na lei. En canto ao prazo dos xuros de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento deste deber, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

A) Obras contratadas pola Deputación

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este

fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), devolvéndose ou cancelándose a garantía e liquidándose, no seu caso, os deberes pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de Contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A) da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo Concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212, 213 e 246. LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12, 18, 23, 27 e 35 deste prego.

40) RÉXIME XURÍDICO

Este contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, coa interposición previa, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
	Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio orzamentario importe (IVE INCLUÍDO) 202… 202....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas do proxecto): …….. Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	□ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada □ b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
7. CLASIFICACIÓN EXIGÜIDADE	□ Non se exixe □ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA OS EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
9. LUGAR DE	Con carácter exclusivo e excluínte:	

PRESENTACIÓN DE OFERTAS	A) □ Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (Cláusula 11) □ B) Tramitación urxente: _____ días .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)	https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece
13.CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo final ofertado, IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FORMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a administración co fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..

CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE …….
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE POIDAN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil do Contratante integrado na plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. Dª_____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
núm. _____ provincia ---------- país….. _
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____. ___
_____
DNI ou NIF núm._____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
núm. _____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con único criterio para a adxudicación, factor prezo, da execución das obras comprendidas no Proxecto de _____
e para cuxos efectos se fai constar que:

1º.- Coñece e acepta as obrigas que se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a. ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b. ___ Concorre coa/o seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE…… euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe…… …euros

C) TOTAL (A+ B)……EUROS

5º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA

TOTAL		

_____, _____ de _____de 202_

O LICITADOR (Asinado)

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

C.1.IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- A. DOCUMENTACIÓN (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A)
- C. OFERTA ECONÓMICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1.Indicar sobre A ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Será exclusivamente a oferta máis económica sen prexuízo do disposto neste prego para as ofertas anormalmente baixas.

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA. DOCUMENTO QUE DEBERÁ CUBRIR A ADMINISTRACIÓN.

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚM. UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento, coa documentación xustificativa, de acordo co establecido na cláusula 16 e 12.A .2.

Anexo VI.

ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NESTE PREGO. DOCUMENTO QUE DEBERÁ CUBRIR A ADMINISTRACIÓN.

De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20%, do prezo inicial, as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII

COMPROMISOS E DECLARACIÓNS

Nome e apelidos _____

con domicilio no municipio de _____

provincia de _____ *país* _____ *r*
_____ *núm.* _____ *teléfo*
_____ *correo electrónico*_____ *con DNI/I*
núm. _____ *en nome propio ou en nome e representación da empre*
_____ *con DNI/I*
_____ *e domicilio no municipio de* _____ *r*
_____ *núm.*_____ *provincia de* _____
*país*_____. *teléfono* _____, *correo electrón*
_____ *á que representa no procedemento de adxudicación*
contrato de
*Título:*_____
_____

1º) Declara que se compromete a adscribir á obra…… os medios persoais e materiais esixidos anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. do presente prego que rexe contratación a documentación xustificativa disto a que se refire a cláusula 16.1.d no caso de qu oferta sexa a máis vantaxosa. [1]

2º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicio de execución que se detallan na cláusula 27

3º) Declara:

3.1) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, *sendo o número particu de traballadores con discapacidade en persoal de* _____, *o que representa un* _____ *(superior en…. % , ao mínimo legal establecido)*

3.2) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ *%*
3.3) Que a porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital momento da súa contratación é de -------%

(Lugar, data e firma)

1 O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento da obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211 e 192.2.LCSP. No entanto, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos términos da cláusula 33 do presente prego.

Anexo VIII

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

☐ Non esixible neste contrato

Esixible neste contrato ☐ consonte ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DO PROXECTO

13.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (con PLURALIDADE DE CRITERIOS de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO

1.1) Obxecto do contrato.
O presente contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde, de acordo co previsto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co previsto no art. 4 do R.D. 105/2008 .
O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.
En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.
1.2) Delimitación do contrato.
Para os efectos deste prego e da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado este contrato non está suxeito a regulación harmonizada, posto que esta modalidade aplícase aos contratos cuxo valor estimado é inferior á cantidade que figura no art.159 da LCSP, en relación co art.20 desta norma. Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato
1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais
De conformidade co establecido no art.1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais recóllense neste prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución, e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación de persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc…
1.4) Principios.
De conformidade co art.1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade

orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

Sinálase como tipo de licitación o importe do Proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto a este.

Entenderase por presuposto base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica deste prego.

3) FINANCIAMENTO.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I deste prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada Proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I deste Prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 deste prego.

4) REVISIÓN DE PREZOS.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, despois da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executara, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I deste prego).

En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) PRAZO DE EXECUCIÓN.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do

programa de traballo.
5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándoselle ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a Administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.
6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo
1.- Plena capacidade de obrar (art.65 LCSP)
2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa Administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP,
3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou se atopen debidamente clasificadas, nos supostos a que se refire a cláusula seguinte e art. 77).
A capacidade de obrar dos empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.
Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.
No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.
7.1. Clasificación.
Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obtivera previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do Proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.
Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
En consecuencia os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 deste prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe ca aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión dela.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económica e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1.b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do

empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último ostente directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación neste contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. **Regra específica para as empresas de nova creación** :

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado.
Para efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) <u>UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS</u>.
A Administración poderá contratar con Unións de Empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.
Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.
Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos deste prego, acumulándose para efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes dela. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.
No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o **NIF** da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración desta será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
Os empresarios que concorran agrupados en Unión Temporal quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

<u>II.- ADXUDICACIÓN</u>
9) <u>PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN</u>.
O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto **simplificado** (con pluralidade de criterios de adxudicación)

10) <u>ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE</u>.
10.1. Contratos non suxeitos a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire este prego publicarase no perfil de contratante (art. 156.6 LCSP), integrado na Plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.
10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de Internet no enderezo que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) <u>PROPOSICIÓNS:LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRÓNICA.</u>
11.1. Contratación e licitación electrónica.
A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características deste prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos nesta Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.
11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)
11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo do **vinte** días naturais a contar do día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. **159** LCSP), dous sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.
11.1.A.2**.)** De conformidade co disposto no art. 159.5 LCSP non se producirá a redución de prazos

á que se refire a letra b) do apartado 2 do artigo 119. (TRAMITACIÓN URXENTE**)**
11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.
A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público , durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.2. INSCRICIÓN OBRIGATORIA PREVIA EN REXISTRO DE LICITADORES

De conformidade co disposto no art. 159.4 LCSP "todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente comunidade autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

12) <u>PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN</u>.

Presentarase en dous sobres ou arquivos electrónicos denominados

-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B

-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C

12.B. SOBRE B: Subtitulado "Declaracións, compromisos e referencias técnicas". Criterios non avaliables de forma automática.

12.B.1 Declaracións e compromisos:

O licitador deberá presentar neste sobre un documento axustado ao seguinte modelo:

D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
núm._____ provincia ---------- país….. _
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____. ___
_____
DNI ou NIF núm. _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
núm._____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
e para cuxos efectos **DECLARA RESPONSABLEMENTE :**

1º Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta;

2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;

3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;

4º Que non está incurso en prohibición de contratar ningunha;

5º De conformidade co disposto no art.159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):

5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades

5b.- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito destas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.

6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras)

7º Que se atopa inscrita no Rexistro:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____

En _____ _____ a de _____ de 20_

O LICITADOR (Asinado)

No anexo IV indícanse cales destes criterios se aplicarán a este contrato, e por tanto a documentación que se indica a continuación terá que presentarse en función do que indique o citado anexo

Conterá a seguinte documentación de referencias técnicas:

12.B.2 REFERENCIAS TÉCNICAS

12.B.2.1) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se van realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria

- plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas

- plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna

- diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución

- listaxe de medios humanos e maquinaria que se vai utilizar na obra

- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo).

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Neste apartado non se valorará a redución do prazo, posto que neste apartado valorarase a forma de organizar, planificar, programar e coordinar os medios materiais e persoais e a forma de execución, sistemas construtivos, etc

12. B.2.2) Actuación ambiental:

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.

- Rexeneración de espazos.

- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.

- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4. c do RD 105/2008.

- Medidas de aforro enerxético.

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso

- Plano de ordenación dos materiais sobre a parcela

- Plano de situación de vertedoiros e puntos limpos que se van utilizar durante a obra

- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental

- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa

- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se van empregar na obra

- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

12. B.2.3) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- Control de calidade nos materiais que se van empregar
- Control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- Control de calidade nas probas finais de instalacións
- Calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade:

a. Medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade

b. Sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete que vai realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberanse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 211.1. f LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 deste prego. A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade

12.B.2.4.) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se van adoptar

- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan

- Oferta de melloras de índole técnica

- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade

- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.

- Declaración responsable de realizar auditorías periódicas en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.B.2.5 .- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias valorables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica:

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 159 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación poderá realizar as súas reunións de forma presencial ou telemática

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico que conteña as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art.159, 146 e ss LCSP, e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a Administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliables mediante fórmulas

Os Servizos Técnicos do Órgano de Contratación emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliables de forma automática, á vista da documentación incluída polos licitadores no arquivo ou sobre electrónico B: "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliables de forma automática mediante fórmulas.

1. CRITERIOS DE CALIDADE: Plan de Control Interno de Calidade.

2. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN, PROGRAMACIÓN E DE EXECUCIÓN: Programa de traballo:

3. CRITERIOS AMBIENTAIS E ECOLÓXICOS: Programa de actuación ambiental

4. CRITERIOS LABORAIS: Esquema do Plan de seguridade e saúde:

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

PUNTUACIÓN MÍNIMA. As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no anexo IV na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática

- Oferta económica

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- Criterios Sociais : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, contratación de desempregados e plans de igualdade.

Baremo: Conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV

Procedemento:

Unha vez emitido o correspondente informe relativo ao arquivo ou sobre electrónico B, para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática). Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que ten erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos neste prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran neste prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art.149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen estas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 4%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%

- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. En todo caso, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 2%

- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media soa coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa as

condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos dela:
-Xustificación dos prezos ofertados
-Volume de obra
-Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada
e, en particular, no que se refire a os seguintes valores:
a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción..
b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras,
c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A.Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Alugamento e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada.

4. Cumprimento obrigacións salariais.
Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos
5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.
En todo caso, o órgano de contratación, despois do informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.
Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate. Porcentaxe de traballadores con discapacidade.

No caso de que, ao aplicar os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non dese lugar a desempate.

15.6 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc.) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.
Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.
Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización de danos e perdas.
A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos ben de forma expresa

ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.
Non obstante o disposto nos apartados anteriores:
No caso de que a Administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado neste apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra:

No Acordo ou Resolución de adxudicación concretará o Órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, logo da tramitación previa do correspondente expediente de contratación.
De igual maneira actuarase para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueles contratos conexos que fosen necesarios para a execución das obras.

16) <u>ADXUDICACIÓN</u>

16.1. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación e comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que:

1.- A empresa está debidamente constituída
2.- O asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta
3.- Ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente.
4.- Non está incurso en ningunha prohibición para contratar

Requiririase á empresa que obtivese a mellor puntuación para que, mediante comunicación electrónica, dentro do prazo de 7 **días** hábiles, contados desde o envío da comunicación, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:

16.1.1- Garantías:

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato , excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, préstese unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren non pagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibir na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado

pola Administración.

16.1.2.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚMERO UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) núm. de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou relación nominal de traballadores (RNT)

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto deste contrato

16.1.3.- Estabilidade no emprego (no caso de que se esixa para este contrato):
Acreditación documental dos requisitos esixidos na cláusula 12.C.2

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal,
- Do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal
- Do número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego

16.1.4.- Plan de igualdade (no caso de que se esixa para este contrato):
Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade, e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, no seu caso.

16.1.5.- Nos supostos previstos na cláusula 12 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.6.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8 Índice de documentos presentados

16.2 Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación
De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.
Todo iso sen prexuízo do sinalado no art.71, 72, 73 LCSP

16.3 Adxudicación
O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 Notificación

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16.5 Empresas non comunitarias

As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíse, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO,

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a Administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación ao enderezo do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de Comprobación de replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obrigación esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o plan de seguridade e saúde, o plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do RD 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.

A aprobación do plan de seguridade e saúde, corresponderalle ao Presidente da Corporación despois do informe do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderalle ao Presidente da Corporación a aprobación do plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o Presidente da Corporación, por proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación apertura centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da Acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, dará a autorización para inicialas, facéndose constar este aspecto explicitamente na acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS.

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a Administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante este prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a. Do cartel da obra.

b. Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregarlle á Administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente , a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas

distintas fases. A citada documentación poderá utilizala a Administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e rexeitamento de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra despois do exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruinase ou sufrise deterioracións graves, incompatibles coa súa función, con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a emenda destas

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao técnico-director destas (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non fose posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a "Dirección da obra".

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar estas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS, IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril ,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero , considerándose o seu cumprimento condición especial de execución , e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial e causa de resolución de contrato (art.12.8 Lei 2/2014).

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a Administración, o director de obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a Administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción desta, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada pola Real decreto Lei 14/2019 do 31 de outubro .

24) PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentarlle ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento das obrigacións derivadas desta normativa

25) RESPONSABILIDADE. DANOS.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe.

.O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 deste prego, asumindo os gastos que diso deriven

27) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

Neste prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto , no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución :

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación :

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego

- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoito meses anteriores á súa contratación

- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores á data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación..

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

Neste contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigación esencial , e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención

a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido neste apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE.

A Administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola Administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Esta Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da Administración e non se reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse en todo caso xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar emendar os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe da última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute conforme o proxecto aprobado e ás cláusulas deste prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá proceder á emisión e presentación da factura correspondente e do resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento desta obrigación formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciarase o cómputo de trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigación; no entanto, se a documentación presentada adoecese dalgún defecto, devolveráselle ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presentaran de novo en punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) debidamente emendados.

O contratista terá o deber de presentar a factura electrónica. que conterá certificación das obras realizadas, no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) para efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I deste prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigación de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos dispostos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da Administración fose superior a seis meses. (art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 deste prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características vaian quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar a dirección coa suficiente antelación,

co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan despois da audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe ca o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I deste prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia núm.2017/41284, e que pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

1 O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra coa autorización previa do órgano de

contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a. Que exista petición expresa do contratista, na que acompañe documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b. Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c. Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d. Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e. Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2 As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3 Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra, non podendo exceder o 50 por 100 do prezo desta unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a. O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b. No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c. O cálculo da cantidade que se vai aboar acompañarase dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d. Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á Administración, poderán cedelo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Logo de que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS.

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou, o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A Administración terá esta facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

34.1. Supostos .

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a. Cando así se previu neste prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b. Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no presente prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, despois de audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co previsto nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. **Non terán a consideración de modificacións (art.242.4 LCSP):**

34.3.1. **O exceso de medicións**

Entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

1. Non supoñan incremento do prezo global do contrato

2. Nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5.En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións .A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas ,onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o seu contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva;

O procedemento que vaia seguirse para realizar a modificación será o seguinte:

1.-proposta motivada do redactor do proxecto ou no seu caso do director .

2.-Autorización do órgano de contratación.

3.-Redacción do proxecto. Audiencia ,no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días

4.- Informe de Secretaría (ou Asesoría Xurídica en municipios do título X Lei 7/85, de bases de réxime local)

5.- Fiscalización por Intervención.

6.-Existencia de crédito adecuado e suficiente.

7.- Aprobación polo órgano de contratación.

8.- Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3 Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos.

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global.

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

As modificacións non previstas neste prego, ou que sendo previstas, non se axusten ao establecido no art.205 LCSP só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, son os seguintes:

34.7.1.A) Cando deviñese necesario engadir obras, adicionais ás inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:

34.7.A .1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico,

Por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou as dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A.2.º Modificación cuantitativa.

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

A condición de que se cumpran as tres condiciones seguintes:

34.7.1. B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade destas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitisen a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraeran a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introduciran unidades de obra novas cuxo importe represente máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1.C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciara a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.9 Regra específica neste contrato de obras

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación

Os prezos aplicables a estas fixaraos a Administración, logo da audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificacións que contemplen unidades de obra que vaian quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a medición parcial destas, deberá comunicarse á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de que, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10 . Tramitación.

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula LCSP, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para os intereses públicos

O órgano de contratación poderá acordar que estas continúen provisionalmente tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1.- O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2.- E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se vai tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a. Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que vai realizar e a xustificación de que a modificación se atopa nun dos supostos previstos no apartado 2 do artigo 203.

b. Audiencia do contratista.

c. Conformidade do órgano de contratación.

d. Certificado de existencia de crédito.

e. Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non vaian quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.:

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS.

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a intención de realizar os subcontratos, sinalando:

1.- A parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberalle notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso de que o

subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da realización do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán a obrigación de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegado as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se previu nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Obrigacións

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito a este prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os

subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Obrigación de cumprimento de prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A Administración contratante, a través da dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitiranlle á Administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro , no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

Neste prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo IX deste prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da Administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director destas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Transcorrer este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deterioran por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a Administración contratante, á conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deberan a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a execución destas a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se fora suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá financialo integramente o concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as dispostas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246. LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas deste contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12,18, 23,27 e 35 deste prego.

40) RÉXIME XURÍDICO.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes poderá interporse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras Plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio Orzamentario Importe (IVE INCLUÍDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas de proxecto): …….. Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	**x**□ contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	□ Non se esixe □ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE	**Grupo subgrupo categoría** _____	

ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	_____ _____ _____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) □ Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (Cláusula 11) .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN	NON SE ESIXE
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece
13.CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web Deputación: www.dacoruna.gal Enderezo páxina web concello: ----------
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de final ofertado, IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FORMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración a fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de

CONTRATISTA	comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE ……
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
núm._____ _____ provincia ---------- país…..
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____. ___
_____
DNI ou NIF núm. _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
núm._____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta as obrigacións que se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares deste contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a. ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b. ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE…… euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe…… …euros

C) TOTAL (A+ B)……EUROS

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de ___ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de _____ persoas

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de

publicación do anuncio de licitación na plataforma é de ____ persoas[1], o que representa un ___ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas en persoal.

5.4.- O número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de -----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

. Aplicable neste contrato [2]

[1] Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa en persoal dos últimos 12 meses.

[2] Dato que ha cubrir a Administración

Non aplicable neste contrato[3]

6º.- PLAN DE IGUALDADE (marque o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

Aplicable neste contrato [4]

3 Dato que ha cubrir a Administración

4 Dato que ha cubrir a Administración

Non aplicable neste contrato[5]

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

_____ o_____ de _____de _____ 20__

O licitador (asinado)

5

Dato que ha cubrir a Administración

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- B. DECLARACIÓNS E COMPROMISOS, REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B)
- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1Indicar sobre B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que este prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarase esta circunstancia.

1º.Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV. II.

2º.En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliables mediante fórmulas non poderán exceder do 25% do total de puntos (é dicir ata un máximo de 31,25 puntos), e os avaliables mediante fórmulas do 75%.

FASE I

A.CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15) **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra

Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.

- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vaia realizar a propia empresa e a administración.

- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos

- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: **de 0 a 7 puntos**

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación

- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas

- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar

- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)

- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra

- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra

- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.

- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas

particulares

- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 0 **a 12** puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 páxinas)

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente

- análise correcta das posibles afeccións ambientais

- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas

- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos

- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar

- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar

- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra

- Informe completo da xestión dos residuos no seu trazabilidade e procesos

- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables

- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar

- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos

- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Abano: de 0 **a 6** puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 páxinas)

Abano: de 0 a 6,25 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%

Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental , esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica:

Abano: de 0 a 47 puntos

De acordo coa fórmula elaborada , por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

https://www.dacoruna.gal/valoracion/

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Abano: de 0 a 15 puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que conten cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Abano de 0 a 15 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que

inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do **persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que conten cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**

- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**

- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Abano de 0 a 8,75

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Abano de 0 a 8 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV. II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade		
	Programa de traballo		
	Programa de actuación ambiental		
	Esquema do Plan de seguridade e saúde		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA EXECUTAR A OBRA. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚM. UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento, coa documentación xustificativa, de acordo co previsto na cláusula 16 e 12.A.2.

Anexo VI.
ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO QUE H A CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .
De acordo co establecido no art.204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,
1.-por razóns de interese público,
2.- ata un máximo do 20%, do prezo inicial,
as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII
SEN CONTIDO

Anexo VIII

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela[6]

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- P_0 : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \ldots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a (P $b_i = \frac{B_i}{P}100$, $i = 1, \ldots, N$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,

[6]Investigadores
Juan M. Viaño Rei – Catedrático de Matemática Aplicada - USC
José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- δ_m : baixa porcentual media ($\delta_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n}\delta_i = \frac{B_m}{P}(100)$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentados,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i=1,\ldots,M$,
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i=1,\ldots,M$

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, por tanto, non admisibles), suponse que as baixas δ_i son iguais ou maiores ca cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, por tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores ca cero e menores ca o prazo de execución P_e .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- *Se* $\delta_{max} < 15$ *entón* $W_{max} = 0,7V_{max}\frac{\delta_{max}}{15}$
- *Se* $15 \le \delta_{max} < 25$ *entón* $W_{max} = 0,7V_{max} + 0,3V_{max}\frac{\delta_{max}-15}{10}$
- *Se* $\delta_{max} \ge 25$ *entón* $W_{max} = V_{max}$

2.2. Valoración económica entre 0 *e* W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos da forma seguinte (ver as figuras 1 a 3):

- Si $\delta_{max} \le 10^{-7}$ entón $V_i = 0$.
- Si $10^{-7} \le \delta_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{max}\frac{\delta_i}{15}$
- Si $15 \le \delta_{max} < 25$ entón

1. Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$.
2. Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_i - 15}{10}$.

- Si $b_{max} > 25$ entón

1. Si $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$.
2. Si $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_i - 15}{b_{max} - 15}$.

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se alcanza se a baixa máxima (b_{max}) e igual ou superior o 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = ... = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propomos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-7}$.

.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 15$.



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{max} < 25$.



Figura 3: Representación gráfica de as puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non exixible neste contrato ☐

Esixible neste contrato ☐consonte ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

14.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (mediante a aplicación de FORMULAS) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO (mediante a aplicación de FORMULAS) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO

4. **1. OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO.**

1.1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras á que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste Prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2) Delimitación do contrato.

Para os efectos do presente prego e da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, posto que esta modalidade se aplica aos contratos cuxo valor estimado é inferior á cantidade que figura no art. 159 da LCSP, en relación co art. 20 da citada norma. Neste senso nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato

1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais.

De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial en canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigas de pago de salarios, así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc.

1.4) Principios.

De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, a non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos

destinados á realización das obras.

2) <u>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN</u>.
Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.
Entenderase por orzamento base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de Contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.
Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) <u>FINANCIAMENTO</u>.
3.1. Obras de carácter anual:
Para atender as obrigas económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no Orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).
3.2. Obras de carácter plurianual:
De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.
No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.

4) <u>REVISIÓN DE PREZOS</u>.
4.1. Obras de carácter anual:
De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.
4.2. Obras de carácter plurianual:
Se o contrato tivese carácter plurianual, previa xustificación no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executase, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).
En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) <u>PRAZO DE EXECUCIÓN</u>.
5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Comprobación de Replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.
5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.
5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do Programa de Traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.

6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan

1.- Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP)

2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP

3.- E acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), (ou estean debidamente clasificadas, nos supostos aos que se refire a cláusula seguinte e art. 77).

A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación requírese dispor da clasificación ou da solvencia que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican nos apartados 7.1 e 7.2, na forma en que se indica nos citados apartados.

7.1. Clasificación.

Para contratar coa Administración a execución dunha obra cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade establecida no artigo 77.1 a) LCSP, será requisito indispensable que o contratista obtivese previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do Proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica na epígrafe 7 do cadro de características do contrato, caso de empresas españolas e estranxeiras non comunitarias.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

En consecuencia os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e

estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1.b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira.

7.2.1.a.1 Medios.

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as

referencias solicitadas polo órgano de Contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta

d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.

7.2.1.b. 2. **Regra especifica para as empresas de nova creación** :

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria co obxecto de realizar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

7.3 O valor estimado.

A efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características

8) <u>UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS</u>.
A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.
Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultaren adxudicatarios do contrato.
Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.
No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o NIF da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
Os empresarios que concorran agrupados en Unión Temporal quedarán obrigados solidariamente perante a administración.

<u>II.- ADXUDICACIÓN</u>
9) <u>PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN</u>.
O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto **simplificado** (**mediante a aplicación de fórmulas**)

10) <u>ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE</u>.
10.1. Contrato non suxeito a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente Prego publicarase no perfil de contratante (art. 1 LCSP), integrado na Plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.
10.2. Perfil de contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) <u>PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRONICA</u>.
11.1. Contratación e licitación electrónica.
A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica no epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.
11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)
11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo de **vinte** días naturais contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. **159** LCSP), nun sobre ou arquivo electrónico cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.
11.1.A.2**.)De conformidade co disposto no art. 159.5 LCSP non se producirá a redución de prazos á que se refire a letra b) do apartado 2 do artigo 119. TRAMITACIÓN URXENTE**
11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día

seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.
A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.2. INSCRICIÓN OBRIGATORIA PREVIA EN REXISTRO DE LICITADORES

De conformidade co disposto en art. 159.4 LCSP "todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

12) PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

Presentarase nun sobre ou arquivo electrónico denominado

-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias avaliables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias avaliables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

Apartados variables en función da súa esixencia no presente contrato:

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 159 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación poderá realizar as súas reunións de forma presencial ou telemática.
Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico contendo as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 159, 146 e ss LCSP, e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Única Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática **en función dos criterios de aplicables no presente contrato**

- **Oferta económica**

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- **Criterios Sociais** : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, contratación de desempregados e plans de igualdade.

Procedemento:

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do arquivo ou sobre electrónico C

(ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática). Realizarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.
O presidente da mesa manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.
As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.
Antes da apertura da primeira proposición convidarase os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada.
A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos no presente prego, ou declarar deserta a licitación cando non exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando criterios de apreciación automática ou mediante fórmulas con base na mellor relación calidade-prezo.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior ao 4%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%

- Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores ao 2%

- Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre

elas existen ofertas que sexan superiores a ese media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:

-Xustificación dos prezos ofertados

-Volume de obra

-Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.

b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras.

c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.

d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP

e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A.Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Alugueiro e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e

materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.
3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:
Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada
4. Cumprimento das Obrigas Salariais.
Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos
5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.
En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.
Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa Disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non desen lugar a desempate.

15.6 Renuncia:
A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP.
Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios

persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.
Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.
A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.
Non obstante o disposto nos apartados anteriores:
No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.

15.7. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo Órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.
De igual maneira actuarase para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueles contratos conexos que fosen necesarios para a execución das obras.

16) <u>ADXUDICACIÓN</u>

16.1. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación e comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que:

1.- A empresa está debidamente constituída
2.- O asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta
3.- Ten a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente.
4.- Non está incurso en ningunha prohibición para contratar

Requiririrase á empresa que obtivese a mellor puntuación para que, mediante comunicación electrónica, dentro do prazo de 7 **días** hábiles, a contar desde o envío da comunicación, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:

16.1.1.- Garantías:

- Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 LCSP.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, se preste unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de terse recibido na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o

seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

16.1.2.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

  - De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

16.1.3.- Estabilidade no emprego (no caso de que se esixa para o presente contrato):
Acreditación documental dos requisitos esixidos na cláusula 12.C.2

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal,
- Do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal
- Do número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedan de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego

16.1.4.- Plan de igualdade (no caso de que se esixa para o presente contrato):
Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, no seu caso.

16.1.5.- Nos supostos establecidos na cláusula 12 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.6.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar

16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da Lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.

16.1.8 Índice de documentos presentados

16.2 Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación
De non atenderse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.
Todo iso sen prexuízo do sinalado no art.71, 72, 73 LCSP

16.3 Adxudicación
O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

16.4 Notificación
A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

16.5 Empresas non comunitarias
As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a Administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se constituíuse, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO,

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación á dirección do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obriga esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se ha realizar.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe previo do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderá ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación da apertura do centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro do quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar, pola súa conta, un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial (anexo I.20 "cadro de características"). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá retirar, pola súa conta, o cartel.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar, pola súa conta, os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non acepta os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles en as medicións e certificacións parcial.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a súa emenda.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non é posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a “Dirección da obra”.

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as citadas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de deber esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014)

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de Contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción dela, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada polo Real decreto lei 14/2019 do 31 de outubro .

24) PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste senso, deberá presentar ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento dos deberes derivados da citada normativa.

25) RESPONSABILIDADE. DANOS

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, esta será responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc., a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o seu mantemento ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven

27) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución :

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación :

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar para adscribir á execución do contrato, cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego

- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoito meses anteriores á súa contratación

- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que estea en situación de desemprego, polo menos, nos tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos, un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades establecidas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obriga esencial , e en consecuencia o órgano de Contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar .

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, de proceder, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas

particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da administración e non se reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse, en todo caso, xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os ditos ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar emendar os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe na última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute con arranxo ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá emitir e presentar a factura correspondente e o resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento deste deber formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento do deber; no entanto, se a documentación presentada adoece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, polo que non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) debidamente emendados.

O contratista terá o deber de presentar a factura electrónica que expedira polas obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de Contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecido o deber de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir os xuros de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contén algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberalle comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración é superior a seis meses. (Art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA

31.1. Medicións.- A Dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada á que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a Dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan, logo da audiencia previa ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, o fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 de cada mes.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia nº 2017/ 41284, e que pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningún xeito a aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamento a conta por materiais acumulados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acumulados necesarios para a obra logo da autorización previa do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a. Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b. Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c. Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d. Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e. Que o contratista constitúa aval de acordo con disposto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acumulados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non ten a regulamentaria descomposición de prezos e non figura no proxecto o custo inicial este fixarao Dirección da obra, e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamento a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a. O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b. No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c. O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d. Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais acumulados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a súa notificación irrefutable do acordo de cesión. Para ese

efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista terán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á administración. En todo caso, a administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS

De se producir un atraso na execución das obras, por motivos non imputables ao contratista, e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que lle sinale o órgano de Contratación, este poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS

34.1. Supostos

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a. Cando así se prevexa no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b. Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas foron preparadas por un terceiro alleo ao órgano de Contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co sinalado nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (ART 242.4 LCSP)

34.3.1. O exceso de medicións

Entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

1. non supoñan incremento do prezo global do contrato

2. nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5.En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade.

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións. A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas, onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.

O procedemento que haberá que seguir para realizar a modificación será o seguinte:

1. Proposta motivada do redactor do proxecto, ou no seu caso do director.
2. Autorización do órgano de Contratación.
3. Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días.
4. Informe de Secretaría (ou Asesoría xurídica en municipios, título X Lei 7/85, de bases de réxime local)
5. Fiscalización por Intervención.
6. Existencia de crédito adecuado e suficiente.
7. Aprobación polo órgano de Contratación.
8. Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3. Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este a substituír as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7.MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NA DOCUMENTACIÓN QUE REXE A LICITACIÓN

As modificacións non previstas no presente prego, ou que estando previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando as modificacións en cuestión cumpran os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes

34.7.1.A) Cando sexa necesario engadir obras, adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes

34.7.A.1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico

Por exemplo que se obrigase ao órgano de Contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou as dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de Contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de realizar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A.2.º Modificación cuantitativa

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivera lugar a licitación do contrato

A condición de que se cumpran as tres condiciones seguintes:

34.7.1. B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais

Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao realizado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o

suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, se esixiu no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1. C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (ART 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

34.9 REGRA ESPECIFICA NESTE CONTRATO DE OBRAS

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación.

Os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, logo da audiencia previa do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificación que contemple unidades de obra que teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a súa medición parcial deberá comunicarse á Intervención da administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10. Tramitación

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de Contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público.

O órgano de Contratación poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

1. O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

2. E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se ha tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

a. Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van realizar e a xustificación de que a modificación está nun dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203.

b. Audiencia do contratista.

c. Conformidade do órgano de Contratación.

d. Certificado de existencia de crédito.

e. Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito del, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a súa execución, ao órgano de Contratación a intención de realizar os subcontratos, sinalando:

1.- a parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- xustificará suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non está incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de Contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da realización do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes se así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán o deber de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán realizarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados

expresamente, sempre que a administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa realización é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes se así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras as dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se prevexa nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Deberes

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito ao presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento dos deberes en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán, en todo caso, natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na Disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á administración contratante polos deberes contraídos con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro , reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Deber de cumprimento dos prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de Contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán á administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estes deberes considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo VIII do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL

O contratista comunicará, por escrito, ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo establecido na lei En canto ao prazo dos xuros de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos Concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contados desde a recepción das obras

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deterioran por incumprimento deste deber, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

A) Obras contratadas pola Deputación

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este é favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), devolvéndose ou cancelándose a garantía e liquidándose, no seu caso, os deberes pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

Porén no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de Contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo Concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246. LCSP.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12, 18, 23, 27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución, así como ás demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÒN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras Plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio Orzamentario Importe (IVE INCLUÍDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas de proxecto): …….. 10% (aumento de medicións, certificación final): …… Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	**x**□ contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	□ Non se esixe □ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) **Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. CLASIFICACIÓN PARA OS EFECTOS DE	**Grupo subgrupo categoría** _____	

ACREDITAR A SOLVENCIA.	_____ _____ _____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) □ Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	□ A) Tramitación ordinaria: _____días (Cláusula 11)
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	NON SE ESIXE
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	Non se establece
13.CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo final ofertado , IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FORMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración coa fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de

CONTRATISTA	comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE ……
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
nº _____ provincia ---------- país….. _____
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____. ___
_____
DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
nº _____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE…… Euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe…… …euros

C) TOTAL (A+ B)……EUROS

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de ___ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de _____ persoas

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data da publicación do anuncio de licitación na plataforma é de ____ persoas, o que representa un ___ % sobre o

**RPT-6654259

número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas de persoal.

5.4.- O número de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de -----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

❽ Aplicable no presente contrato [1]

Non aplicable no presente contrato[2]

1 Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal dos últimos 12 meses.

2 Dato que ha cubrir a Administración

**RPT-6654259

6º.- PLAN DE IGUALDADE (márquese o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

❻ Aplicable no presente contrato [3]

3 Dato que ha cubrir a Administración

❽ Non aplicable no presente contrato[4]

4 Dato que ha cubrir a Administración

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

9. DECLARA RESPONSABLEMENTE :
1º Que ten a representación da sociedade que presenta a oferta;
2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;
3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
4º Que non está incurso en prohibición de contratar;
5º De conformidade co disposto no art. 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):
5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades
5b.- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades , comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.
6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)
7º Que está inscrita no Rexistro:
a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____
b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____
_____ _____ de **_____** de 20__

O LICITADOR (Asinado)

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1.Indicar sobre C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de Prego Tipo que rexerá as obras, tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarase esta circunstancia.

1º.- Para cada contrato específico o Órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos

FASE II FASE ÚNICA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA
Oferta Económica:

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

De acordo coa fórmula elaborada , a pedimento da Deputación provincial da Coruña , pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxo desagregamento, a explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:
https://www.dacoruna.gal/valoracion/

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO
II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe maior do 75% ou máis

O resto valorarase proporcionalmente en relación co 75%

As empresas que conten cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do **persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que conten cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**

- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**

- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de Plan de igualdade na data de publicación da licitación ----------

Puntuación específica para o presente contrato:

No caso de que se valore a existencia dun Plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con Plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con Plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .

(Cláusulas 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento , coa documentación xustificativa, de acordo co disposto na cláusula 16 e 12.A.2.

Anexo VI.
ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN
De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación:
1.-por razóns de interese público
2.- ata un máximo do 20% do prezo inicial
as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII
SEN CONTIDO

Anexo VIII

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela[5]

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prezo de licitación,
- n : Número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \ldots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P}100$, $i = 1, \ldots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} b_i = \frac{B_m}{P}100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \ldots, n$,

5 Investigadores

Juan M. Viaño Rey – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \ldots, n.$

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores que cero e menores que o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- *Se* $b_{max} < 15$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max}\dfrac{b_{max}}{15}.$
- *Se* $15 \le b_{max} < 25$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\dfrac{b_{max} - 15}{10}.$
- *Se* $b_{max} \ge 25$ *entón* $W_{\max} = V_{\max}.$

2.2. Valoración económica entre 0 *e* W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos do xeito seguinte (véxanse as Figuras 1 a 3):

- Se $b_{max} \le 10^{-6}$ entón $V_i = 0.$
- Se $10^{-6} \le b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\dfrac{b_i}{15}.$
- Se $15 \le b_{max} < 25$ entón
  1. Se $b_i \le 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\dfrac{b_i}{15},$
  2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\dfrac{b_i - 15}{10}.$
- Se $b_{max} > 25$ entón
  1. Se $b_i \le 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\dfrac{b_i}{15},$
  2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\dfrac{b_i - 15}{b_{\max} - 15}.$

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se atinxe se a baixa máxima (b_{max}) é igual ou superior ao 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \ldots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$) . Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propoñemos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 15$.



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{max} < 25$.



Figura 3: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non esixible neste contrato

Esixible neste contrato con arranxo ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

15.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO (ou simplificado abreviado) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais.

Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO (ou simplificado abreviado) das OBRAS comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO (OU SIMPLIFICADO ABREVIADO) DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS.

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

- **.OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONTRATO**

1.1) Obxecto do contrato.
O presente contrato ten por obxecto a execución das obras á que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co establecido no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co disposto no art. 4 do R.D. 105/2008.
O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.
En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.
1.2) Delimitación do contrato.
Para os efectos do presente prego e da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificadísimo o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, posto que esta modalidade aplícase aos contratos cuxo valor estimado é inferior á cantidade que figura no art. 159 da LCSP, en relación co art. 20 da citada norma. Neste sentido nas epígrafes 4 e 4.BIS do cadro de características indícase o valor estimado do contrato
1.3) Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais
De conformidade co establecido no art. 1.3 e concordantes da LCSP os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial canto aos criterios de adxudicación e condicións especiais de execución , e esixencia de cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais) normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas), etc…
1.4) Principios.
De conformidade co art. 1 LCSP a presente contratación axústase aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, a non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización das obras.

2) <u>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN</u>.
Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.
Entenderase por orzamento base de licitación o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de Contratación, incluído o imposto sobre o valor engadido, salvo disposición en contrario.
Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formularen as súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 102 1 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.
3) <u>FINANCIAMENTO</u>.
3.1. Obras de carácter anual:
Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a Administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no Orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).
3.2. Obras de carácter plurianual:
De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3. B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.
No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5 do presente prego.
4) <u>REVISIÓN DE PREZOS</u>.
4.1. Obras de carácter anual:
De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.
4.2. Obras de carácter plurianual:
Se o contrato tivese carácter plurianual, previa xustificación no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto a que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 103 LCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se executase, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme a fórmula que se indica na epígrafe 17 do cadro de características (anexo I do presente prego).
En consecuencia o primeiro vinte por cento executado e os dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.
5) <u>PRAZO DE EXECUCIÓN</u>.
5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Comprobación de Replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.
5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.
5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do Programa de Traballo.
5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, esta porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándose ao adxudicatario o prezo da obra

realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) APTITUDE PARA CONTRATAR.

6.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan

1.- Plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP)

2.- Non estean incursas en prohibicións para contratar coa administración a que se refiren os arts. 71 a 73 LCSP,

3.- Polo que respecta á acreditación da solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), de conformidade co disposto no art. 159.6.b eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica. A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou a acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

6.3 Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA. SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Para concorrer á presente licitación non se require dispor da clasificación. Polo que se refire á solvencia estarase ao que se indica nos apartados seguintes da presente cláusula.

No entanto, o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar os documentos xustificativos da clasificación e/ou solvencia que se indican no apartado 7.2, na forma en que se indica no citado apartado.

7.1. Clasificación.

Non se esixe por razón da contía, de conformidade co disposto no art. 159.6 en relación co art. 77.1.a LCSP.

7.2. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 do presente prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1. Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económico e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1.b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato

Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.2.1.a.2. Acreditación documental

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de Contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de Contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3.LCSP).

7.2.1.b. Solvencia técnica

7.2.1.b.1. Regra xeral.

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último teña directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra a dita condición, só se recoñecera como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na

proporción da participación daquel no capital social desta.
Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media si esta é inferior ao valor estimado do contrato.
b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta
d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.
e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de Contratación.
Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuada e proporcionada á natureza e orzamento da obra.
7.2.1.b. 2. **Regra especifica para as empresas de nova creación**:
Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.
7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.
Para acreditar a solvencia co obxecto de realizar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.
7.3 O valor estimado.
A efectos de cálculo de solvencia é o que se indica na epígrafe 4 do cadro de características
8) UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.
A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 LCSP.
Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultaren adxudicatarios do contrato.
Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 69.5 e 6, e 78.1 LCSP.
No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o NIF da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
Os empresarios que concorran agrupados en Unión Temporal quedarán obrigados solidariamente perante a administración.
II.- ADXUDICACIÓN
9) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto **simplificadísimo. (art. 159.6 LCSP)**

10) <u>ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE</u>.

10.1. Contrato non suxeito a regulación harmonizada: O procedemento aberto a que se refire o presente Prego publicarase no perfil de contratante (art. 1 LCSP), integrado na Plataforma que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

10.2. Perfil de contratante: co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica na epígrafe 14 do cadro de características do contrato.

11) <u>PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.CONTRATACIÓN E LICITACIÓN ELECTRÓNICA</u>.

11.1. Contratación e licitación electrónica.

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características, no enderezo electrónico que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

11.1.A) Contratos non suxeitos a regulación harmonizada (art. 20 LCSP)

11.1.A.1.) As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican nas epígrafes 9 e 10 do cadro de características do contrato, dentro do prazo do dez días hábiles contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no perfil de contratante (art. **159** LCSP), nun sobre ou arquivo electrónico cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.

11.1.A.2**.)De conformidade co disposto no art. 159.5 LCSP non se producirá a redución de prazos á que se refire a letra b) do apartado 2 do artigo 119. (TRAMITACIÓN URXENTE)**

11.1.A.3.) Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público , durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

11.2. INSCRICIÓN OBRIGATORIA PREVIA EN REXISTRO DE LICITADORES

De conformidade co disposto en art. 159.4 LCSP "todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificadísimo deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

12) <u>PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN</u>.

Presentarase nun sobre ou arquivo electrónico denominado

-ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C

12.C. SOBRE C: "Oferta económica e referencias avaliables automaticamente"

Conterá a proposición económica e referencias avaliables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica: formulada estritamente conforme o modelo do anexo II do presente prego.

Apartados variables en función da súa esixencia no presente contrato:

12.C.2.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

12.C.3.- Plan de igualdade

13) FIRMA ELECTRÓNICA DA PROPOSICIÓN E DOCUMENTOS

As proposicións e todos os documentos que integran ou se acompañan á oferta deberán ser asinados electronicamente polo administrador ou persoa apoderada con poder suficiente .

14) GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 159 LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación poderá realizar as súas reunións de forma presencial ou telemática.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e apertura do arquivo ou sobre electrónico contendo as referencias técnicas, e demais actuacións da Mesa de Contratación cuxa constitución ten carácter potestativo, de conformidade co art. 326.1), estarase ao disposto nos art. 159, 146 e ss LCSP, e Regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará ao contratista os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.

Única Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática **en función dos criterios de aplicables no presente contrato**

- **Oferta económica**

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recollidas no anexo IV.

- **Criterios Sociais** : A estabilidade no emprego, porcentaxe de mulleres en relación co persoal, e plans de igualdade.

Procedemento:

Tendo en conta que o art. 326.1 a Mesa de Contratación será potestativa, nos supostos de que se dispuxo a súa constitución ou en caso contrario o órgano administrativo procederá á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (ofertas económicas e demais criterios avaliables de forma automática). Realizarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O presidente da mesa ou no seu caso o órgano administrativo manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

15.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición fose presentada fóra de prazo ou en formato papel ou non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación motivada dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación cando non exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente Prego.

15.3.- Criterios de valoración:

A adxudicación do contrato realizarase utilizando criterios de apreciación automática ou mediante fórmulas con base na mellor relación calidade-prezo.

15.4.- Ofertas anormalmente baixas.

15.4.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4

da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

15.4.2.- Consideraranse, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que estean nos seguintes supostos:

a. Número de ofertas: 1. A oferta resulta anormalmente baixa se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 4% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior ao 4%

b. Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 3%

c. Número de ofertas: 3. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 2% desta media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas anormalmente baixas todas aquelas con baixas porcentuais superiores ao 2%

d. Número de ofertas: 4 ou máis. As ofertas resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a ese media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.4.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos desta:
-Xustificación dos prezos ofertados
-Volume de obra
-Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada
e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:
a) O aforro que permita o procedemento ou o método de construción.
b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar as obras,
c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para executar as obras.
d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP
e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.
15.4.4 Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.
Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación:
1. Xustificación de prezos ofertados:

- Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou

similares

1. Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

- Maquinaria

B.1 Alugueiro e/ou contratación

2. Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

3. Relación detallada da maquinaria

- Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:
Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.
3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:
Xustificarase mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración de volume de obra contratada.
4. Cumprimento das Obrigas Salariais.
Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos
5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.
En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación ou no seu caso dos Servizos Técnicos ou administrativos competentes, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.
Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

15.5 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo con a Disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo

e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non dese lugar a desempate.

15.6 Renuncia:
A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta de adxudicación c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación de replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc… faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á Administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP.
Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.
Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.
A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.
Non obstante o disposto nos apartados anteriores:
No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 158 LCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o art. 149.4 do LCSP.
15.7. Designación de director de obra:
No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo Órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.
De igual maneira actuarase para a designación de coordinación de seguridade e saúde e aqueles contratos conexos que fosen necesarios para a execución das obras.
16) <u>ADXUDICACIÓN</u>
16.1. Requirimento de documentación ao licitador que presentase a mellor oferta
Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación e comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que:

1.- A empresa está debidamente constituída
2.- O asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta
3.- Ten a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente.
4.- Non está incurso en ningunha prohibición para contratar

Requirirase á empresa que obtivese a mellor puntuación para que, mediante comunicación electrónica, dentro do prazo de 7 **días** hábiles, a contar desde o envío da comunicación, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica:
16.1.1.- Garantías:

3.aDe conformidade co disposto no art. 159.6 letra f, non se requirirá a

constitución de garantía definitiva.

- Garantía complementaria: Naqueles casos nos que a proposta de adxudicación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, se preste unha complementaria dun cinco por cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

16.1.2.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3.MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:
Medios persoais:
A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras
B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou TCs
Medios materiais:

A. Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

    a.i.De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

    a.iiAsí mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

    a.iiiNo entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato

16.1.3.- Estabilidade no emprego (no caso de que se esixa para o presente contrato):
Acreditación documental dos requisitos esixidos na cláusula 12.C.2

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal,
- Do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal
- Do número de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego

16.1.4.- Plan de igualdade (no caso de que se esixa para o presente contrato):
Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade, e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, no seu caso.

16.1.5.- Nos supostos establecidos na cláusula 12 xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados, contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación

16.1.6.- Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar
16.1.7.- Nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de

conformidade co artigo 75 da Lei, cada unha delas tamén deberá presentar a documentación a que se refiren os apartados 1 a 6 desta cláusula.
16.1.8 Índice de documentos presentados
16.2 Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación
De non atenderse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.
Todo iso sen prexuízo do sinalado no art.71, 72, 73 LCSP
16.3 Adxudicación
O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.
16.4 Notificación
A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.
16.5 Empresas non comunitarias
As empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias do contrato deberán abrir unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean rexistradas no Rexistro Mercantil (artigo 68.2).

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

17) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato poderase efectuar mediante aceptación da adxudicación por parte de persoa que teña poder suficiente ou mediante a súa formalización en documento administrativo segundo considere o órgano de Contratación e deberá efectuarse, en todo caso, non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores, e na data que sinale a administración.
Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto da súa declaración de prohibición de contratar.
Se a causa da non formalización fose imputable á administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

18) ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

18.1.- Comprobación do replanteo

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, despois da notificación ao enderezo do correo electrónico que figura na súa oferta, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 236 LCSP.

Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato, co carácter de incumprimento de obrigación esencial, dando lugar á tramitación dun expediente de resolución de contrato.

18.2.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores.

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da firma do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde, o Plan de residuos

específico (para os efectos do disposto no art. 5 e concordantes do R. D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra que se vai realizar.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde, corresponderá ao presidente da Corporación logo do informe previo do coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo corresponderá ao presidente da Corporación a aprobación do Plan de residuos nos casos que proceda.

Atendendo á natureza e duración da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

18.3.- Comezo das obras e comunicación da apertura do centro de traballo

O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da firma da acta de comprobación de replanteo.

O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

18.4.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente na acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da firma da acta.

19) CARTEIS E SINAIS

19.1.- Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar, pola súa conta, un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinale a administración provincial (anexo I.20 “cadro de características”). Este cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante o prazo de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcorrido este prazo o contratista deberá retirar, pola súa conta, o cartel.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar, pola súa conta, os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

19.2.- Fotografías

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A citada documentación poderaa utilizar a administración libremente e sen limitación temporal.

20) OCUPACIÓN DE TERREOS

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación do técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non acepta os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinaran ou recoñeceran, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advertisen vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción. Así mesmo, o contratista responderá durante este prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a

resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a súa emenda.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 LCSP.

22) DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS

A dirección e inspección das obras corresponde ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes, que levará por medios ou formato electrónico, ou se non é posible en formato papel.

Para o desempeño da súa función poderá contar con colaboradores ás súas ordes, que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos e que integrarán a “Dirección da obra”.

A Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as citadas funcións aos técnicos da Corporación.

23) NORMATIVA LABORAL, PROTECCIÓN DE DATOS IGUALDADE DE XÉNERO E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E PERSOAL. IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUALES

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de deber esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014)

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de Contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a esta, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción dela, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 na súa redacción dada pola Real decreto lei 14/2019 do 31 de outubro .

24) PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

Neste sentido, deberá presentar ao director de obra toda a documentación relativa ao cumprimento dos deberes derivados da citada normativa.

25) RESPONSABILIDADE. DANOS

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados ás terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, esta será responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) GASTOS DE TRANSPORTE E ALMACENAXE. CUSTODIA E CONSERVACIÓN

26.1. Almacenaxe

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

26.2.Custodia e conservación

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando as obras inclúan instalacións tales como aparellos elevadores, climatización, aire acondicionado, vapor, frío, etc…, a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o seu mantemento ata que finalice o prazo de garantía establecido na cláusula 37 do presente prego, asumindo os gastos que diso se deriven

27) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CARÁCTER LABORAL E SOCIAL .

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución:

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos, unha das condicións de execución que se detallan a continuación:

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos á elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego

- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoito meses anteriores á súa contratación

- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que estea en situación de desemprego, polo menos, nos tres meses anteriores á data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos, un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme ao apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades establecidas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato).

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigación esencial, e en consecuencia o órgano de Contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

28) TRIBUTOS E PROXECTOS DE INSTALACIÓNS

O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención da licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, de proceder, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña custo ningún para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.

29) CONTROL DE CALIDADE

A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares ou outros documentos do proxecto. Os gastos deste control serán por conta da administración e non se reterán ao contratista.

Este control é independente do control interno que realice o contratista, cuxa realización deberá acreditarse, en todo caso, xunto con cada certificación mensual e, ademais, cando llo requira o director da obra.

No caso de que como resultado dos ensaios ou controis de calidade relativos á execución da obra fosen desfavorables e que os ditos ensaios ou controis de calidade deban de repetirse para verificar emendar os defectos observados, este custo será asumido polo contratista, ao que se lle descontará este importe na última certificación ou liquidación.

30) DEREITOS DO ADXUDICATARIO

30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute con arranxo ao proxecto aprobado e ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a aprobación da certificación de obra e conformidade da factura: Unha vez expedida a certificación de obra, este documento deberá presentalo o director de obra ante a entidade contratante e o contratista deberá emitir e presentar a factura correspondente e o resto da documentación requirida (fotografías, acreditación do control interno de calidade, da xestión de residuos, etc.), incumbíndolle tanto ao contratista como ao director de obra ou responsable do contrato o cumprimento deste deber formal. Unha vez cumprido integramente este requisito, iniciarase o cómputo do trinta días naturais para que a administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento do deber; no entanto, se a documentación presentada adoece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, polo que non se iniciará o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) debidamente emendados.

O contratista terá o deber de presentar a factura electrónica que expedira polas obras realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na epígrafe 21 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego), inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de Contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista

b) Prazo para o pago: Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecido o deber de pago, a administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

30.2.- Se a administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos establecidos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir os xuros de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contén algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, deberalle comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da administración é superior a seis meses. (Art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA

31.1. Medicións.- A Dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A Dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada á que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a Dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan, logo da audiencia previa ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación póidanse reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola Dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23 , 24, 27 e 35.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra .

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (Face) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 de cada mes.

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do presente prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia nº 2017/ 41284 , e que pode consultarse na seguinte ligazón: https://www.dacoruna.gal/files/6815/1445/4566/3149284.pdf

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supor de ningún xeito a aprobación e recepción das obras que comprenden.

Canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamento a conta por materiais acumulados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acumulados necesarios para a obra logo da autorización previa do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a. Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b. Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c. Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d. Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e. Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acumulados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non ten a regulamentaria descomposición de prezos e non figura no proxecto o custo inicial este fixarao a Dirección da obra, e non poderá exceder o 50 por 100 do prezo da unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamento a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamento a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

1. O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

2. No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

3. O cálculo da cantidade que se ha aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

4. Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. Canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art.240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á administración, poderán ceder este conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a súa notificación irrefutable do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de rexistro de transmisións de certificacións.

Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago terá que ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pago a nome do contratista fornecerán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á administración. En todo caso, a administración poderá opor fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS

De se producir un atraso na execución das obras, por motivos non imputables ao contratista, e este ofrece cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que lle sinale o órgano de Contratación, este poderá concedela por un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS

34.1. Supostos

O presente contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a. Cando así se prevexa no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.

b. Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no presente Prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estas foron preparadas por un terceiro alleo ao órgano de Contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, previa audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co sinalado nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (ART 242.4 LCSP)

34.3.1. O exceso de medicións

Entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas

medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

a. non supoñan incremento do prezo global do contrato

b. nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5.En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade.

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato

34.6.1. Límite cuantitativo. O presente contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións. A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas, onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.

O procedemento que haberá que seguir para realizar a modificación será o seguinte:

1. Proposta motivada do redactor do proxecto, ou no seu caso do director.
2. Autorización do órgano de Contratación.
3. Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso, ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días.
4. Informe de Secretaría (ou Asesoría xurídica en municipios, título X Lei 7/85, de bases de réxime local)
5. Fiscalización por Intervención
6. Existencia de crédito adecuado e suficiente
7. Aprobación polo órgano de Contratación

8. Formalización en documento administrativo da modificación

34.6.3. Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato salvo nos supostos previstos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7.MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NA DOCUMENTACIÓN QUE REXE A LICITACIÓN

As modificacións non previstas no presente prego, ou que estando previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando as modificacións en cuestión cumpran os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes

34.7.1.A) Cando sexa necesario engadir obras, adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes

34.7.A.1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico

Por exemplo que se obrigase ao órgano de Contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou as dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de Contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de realizar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1.A.2.º Modificación cuantitativa

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivera lugar a licitación do contrato

A condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

34.7.1. B.1º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais

Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao realizado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, se esixiu no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1. C.3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. (art. 206).

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

34.9 REGRA ESPECIFICA NESTE CONTRATO DE OBRAS

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación.

Os prezos aplicables a estas serán fixados pola administración, logo da audiencia previa do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non acepte os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificación que contemple unidades de obra que teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a súa medición parcial deberá comunicarse á Intervención da administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, de efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10. Tramitación

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta lei, solicitará do órgano de Contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público.

O órgano de Contratación poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

a. O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

b. E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de continuación provisional que se ha tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

- Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que se van realizar

e a xustificación de que a modificación está nun dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203.

- Audiencia do contratista.
- Conformidade do órgano de Contratación.
- Certificado de existencia de crédito.
- Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introducisen prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non teñan que quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos previstos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de Contratación previa conformidade por escrito del, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de Contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando:

1.- a parte da prestación que se pretende subcontratar

2.- a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,

3.- xustificará suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non está incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de Contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista teña a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da realización do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes se así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán o deber de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nela ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán realizarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegadas as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa realización é necesaria para atender unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes se así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras as dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se prevexa nos pregos:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Deberes

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito ao presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento dos deberes en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a administración dos subcontratos realizados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán, en todo caso, natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na Disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á administración contratante polos deberes contraídos con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro , reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Deber de cumprimento dos prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores

A administración contratante, a través da Dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de Contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán á administración contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estes deberes considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No presente prego aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo VIII do presente prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL

O contratista comunicará, por escrito, ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra á que se refire a cláusula 19.3.

O contratista ten obrigación de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigación o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo establecido na lei En canto ao prazo dos xuros de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos Concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deterioran por incumprimento deste deber, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

A) Obras contratadas pola Deputación

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este é

favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), devolvéndose ou cancelándose a garantía e liquidándose, no seu caso, os deberes pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo ditará as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

No entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de Contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se fose suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos Concellos

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo Concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212,213 e 246. LCSP.

Serán, así mesmo, causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12, 18, 23, 27 e 35 do presente prego.

40) RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución, así como ás demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	..... Euros (IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras Plurianuais Base impoñible …… Importe IVE …….. Total …….	Exercicio Orzamentario Importe (IVE INCLUÍDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 20% (modificacións previstas de proxecto): …….. 10% (aumento de medicións, certificación final): …… Total VALOR ESTIMADO ……..	
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	**x**□ contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	Non se esixe	
8. CLASIFICACIÓN PARA OS EFECTOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) □ Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) □ Plataforma de contratos públicos de Galicia	
10. PRAZO DE	□ A) Tramitación ordinaria: _10_____días hábiles	

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	(Cláusula 11) .
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION	NON SE ESIXE
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	Non se establece
13.condicións de execución	Ver cláusula 27
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web: www.dacoruna.gal
15. GARANTÍA DEFINITIVA	Non se esixe, art. 159.6 LCSP
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE □ FÓRMULA_____
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración coa fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……
TELÉFONO:.....
CORREO ELECTRÓNICO……..
CARTEL DE OBRA…….

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO ENTIDADE LOCAL……..
NIF……..
CÓDIGO…….

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR ALCALDE/PRESIDENTE……
CÓDIGO…….

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE ……
CÓDIGO…….

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..
CÓDIGO……..

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE…….
CÓDIGO DE PROXECTO……..

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____
con domicilio no municipio de …….. _
rúa _____
nº _____ provincia ---------- país….. _____
teléfono_____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de) _____. ___
_____
DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio no municipio de _____. _____
rúa_____
nº _____ _____, provincia……, país…….
teléfono_____

Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da execución das obras comprendidas no Proxecto de
_____
e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas administrativas particulares

3º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a. ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b. ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación
NIF

4º.- **Prezo**
Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE……Euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :……. %. Importe…… …euros

C) TOTAL (A+ B)……EUROS

5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras
Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal é de ___ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de _____ persoas

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data publicación do anuncio de licitación na plataforma é de ____ persoas, o que representa un ___ % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas de persoal.

5.4.- O número de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de -----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

- ❽ Aplicable no presente contrato [1]
- ❽ Non aplicable no presente contrato[2]

6º.- PLAN DE IGUALDADE (márquese o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

- ❽ Aplicable no presente contrato [3]
- ❽ Non aplicable no presente contrato[4]

7º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR	IMPORTE IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

8 DECLARA RESPONSABLEMENTE :
1.Que ten a representación da sociedade que presenta a oferta;
2 Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;

1 Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal dos últimos 12 meses.

2 Dato que ha cubrir a Administración

3 Dato que ha cubrir a Administración

4 Dato que ha cubrir a Administración

3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
4º Que non esta incurso en prohibición de contratar;
5º De conformidade co disposto no art. 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):

5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades

5b.- Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.

6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)
7º Que está inscrita no Rexistro[5]:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____

_____ _____ a de _____ de 20_

O LICITADOR (Asinado)

5 Obrigatorio a partir do 9 de setembro de 2018

ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

IDENTIFICACIÓN DE ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1.Indicar sobre C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de Prego Tipo que rexerá as obras, tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans, a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

De entre os criterios que se indican a continuación sinalarase a puntuación mínima e máxima que se outorga. Cando un criterio non se valore indicarase esta circunstancia.

1º.- Para cada contrato específico o Órgano de Contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración.

2º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos

FASE II FASE ÚNICA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS:

II.1. OFERTA ECONOMICA
Oferta Económica:

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación provincial da Coruña , pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, a explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:
https://www.dacoruna.gal/valoracion/

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO
II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa
Puntuación específica para o presente contrato: ----------

Segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe maior do 75% ou máis

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que conten cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa
Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do cadro de **persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- **Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que conten cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**

- **Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e**

xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente

- **Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que conten con 8% ou máis, o resto non se puntuarán**

II.2.3.- Contratación desempregados

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de Plan de igualdade na data de publicación da licitación

Puntuación específica para o presente contrato: ----------

No caso de que se valore a existencia dun Plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con Plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.A.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento , coa documentación xustificativa, de acordo co establecido na cláusula 16 e 12.A.2.

Anexo VI.
ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO PREVISTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO QUE HA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN
De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación:
1.-por razóns de interese público
2.- ata un máximo do 20% do prezo inicial
as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato

Anexo VII
SEN CONTIDO

Anexo VIII

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela[6]

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prezo de licitación,
- n : Número de ofertas,
- $O_1, O_2, \ldots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \ldots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \ldots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \ldots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \ldots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P}100$, $i = 1, \ldots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,

6 Investigadores
Juan M. Viaño Rei – Catedrático de Matemática Aplicada - USC
José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo

- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n}\sum_{i=1}^{n} b_i = \frac{B_m}{P}100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max}, $i = 1, \ldots, n$,
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max}, $i = 1, \ldots, n$.

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores que cero e menores que o prazo de execución Pe.

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- *Se* $b_{max} < 15$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max}\frac{b_{max}}{15}$.
- *Se* $15 \le b_{max} < 25$ *entón* $W_{\max} = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_{max} - 15}{10}$.
- *Se* $b_{max} \ge 25$ *entón* $W_{\max} = V_{\max}$.

2.2. Valoración económica entre 0 *e* W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos do xeito seguinte (véxanse as Figuras 1 a 3):

- Se $b_{max} \le 10^{-6}$ entón $V_i = 0$.
- Se $10^{-6} \le b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15}$.
- Se $15 \le b_{max} < 25$ entón
    1. Se $b_i \le 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15}$,
    2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_i - 15}{10}$.
- Se $b_{max} > 25$ entón

1. Se $b_i \leq 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max}\frac{b_i}{15}$,
2. Se $b_i > 15$ entón $V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max}\frac{b_i - 15}{b_{\max} - 15}$.

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se atinxe se a baixa máxima (b_{max}) é igual ou superior ao 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \ldots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propoñemos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.



Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 15$.

**RPT-6654259



Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{max} < 25$.



Figura 3: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo

**RPT-6654259

Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do presente prego)

Non esixible neste contrato ☐

Esixible neste contrato ☐ con arranxo ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Deportiva e Cultural OCR Allariz polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O Camiño Race".

1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Apreciánse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención “O CAMIÑO RACE" consiste principalmente nunha carreira de obstáculos (ou OCR) que desenvolveu a súa primeira edición o pasado 19 de outubro de 2019 no entorno da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. A actividade fomenta a promoción e difusión dos valores do Camiño de Santiago e incide no valor do propio Camiño ao longo da historia como primeiro itinerario cultural de Europa. Nese sentido, O Camiño Race ao igual que o Camiño de Santiago foi un punto de encontro entre persoas de moi diferentes nacionalidades de toda Europa e do resto do mundo

O Camiño Race resultou ser unha proba para un público moi diferente e transversal (novos e maiores, homes e mulleres, deportistas de elite e persoas con problemas de mobilidade, galegos e do resto do mundo), ademais dun notable impacto mediático. Tanto a nivel de medios xeralistas galegos como de xornais deportivos especializados. O Camiño Race desenvolveu unha importante campaña de promoción a través de vídeos colgados nas redes sociais de importantes deportistas apoiando a proba. Así contamos, entre outros, co apoio de Iker Casillas, Donato ex-xogador do Deportivo da Coruña, Carlos Pérez, campeón olímpico en K2 nas Olimpiadas de Beijing ou Tamara Echegoyen, campiona olímpica de vela nas Olimpiadas de Londres 2012, entre outros

Trátase dun evento singular que ten por obxecto demostrar capacidade organizativa suficiente de cara a albergar en 2021 o campionato do mundo de OCR en Santiago de Compostela coincidindo coa celebración do ano Santo, e converter O Camiño Race na mellor carreira de Europa da modalidade.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co ASOC. DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ CIF G32487381 para financiar o proxecto “O CAMIÑO RACE”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 47,62 %. sobre un orzamento total de 42.000,00 €

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

6º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 con que facer frente á achega provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O CAMIÑO RACE"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ..., en representación do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ consideran de gran interese para a provincia financiar unha carreira de obstáculos que fomenta a promoción e difusión dos valores do Camiño de Santiago e incide no valor do propio Camiño ao longo da historia como primeiro itinerario cultural de Europa.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ**, CIF G32487381, **,** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "O CAMIÑO RACE" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	
Inscricións, dorsais, cronometraxe	2.500,00 €
Lonas, roll-ups, etc	3.000,00 €
Impresión carpetas, dossieres,etc	500,00 €
Camisetas	11.000,00 €
Aluguer obstáculos	10.500,00 €
Servizo hospital de campaña	2.000,00 €
Speaker, audio, etc	2.000,00 €
Publicidade , radio, prensa	500,00 €
Trofeos	2.500,00 €
Seguros	200,00 €
Aluguer furgonetas	300,00 €
Premios gañadores	2.000,00 €
Persoal de apoio	2.000,00 €
Montaxe e desmontaxe infraestructuras	3.000,00 €
	42.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 47,62%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,62% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ unha vez que se presente a seguinte documentación:

> 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
> 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou

copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o

pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ queda sometida

aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de

convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2021, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL OCR ALLARIZ, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial

17.- Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2020

1. Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2020

2. Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3. Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2.007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

18.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincedios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2020.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2020.

19.- Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao exercicio 2020.

Dáse conta da aprobación dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao orzamento do exercicio 2020.

20.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2021 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes número 1, de aprobación polo presidente.

21.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 de aprobación polo Pleno.

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2021 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 83.580.319,83 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A. **NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	21.606.150,88	Remanente de Tesourería:	83.143.166,47
SC. Suplementos de crédito:	61.974.168,95	Baixas por anulación:	437.153,36
Total aumentos:	**83.580.319,83**	**Total financiamento:**	**83.580.319,83**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	**Altas**	**Baixas**
1. Gastos de persoal	5.718,94	0,00
2. Gastos correntes	4.448.999,18	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	18.774.010,57	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	7.457.937,35	437.153,36
7. Trans. de capital	46.357.300,42	0,00
8. Activos financeiros	6.536.353,37	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	**83.580.319,83**	**437.153,36**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	**Altas**
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	83.143.166,47
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	**83.143.166,47**

2.- Aprobar igualmente que aos créditos dotados para o programa de apoio aos traballadores/as autónomos/as e as pequenas empresas da provincia se lles estableza a seguinte vinculación, co obxectivo de axilizar o seu seguimento e xestión: a dous díxitos na clasificación orgánica e por programas e a un díxito na clasificación económica.

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2021 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta os acordos adoptados polo Consello de Ministros do 6 de outubro e polo Congreso dos Deputados na sesión do 20 de outubro de 2020 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2020 e 2021 como consecuencia da situación excepcional de pandemia formalmente declarada.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

22.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes xaneiro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2021.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xaneiro de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

23.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

1. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma.

24.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 a 2020.

Dáse conta do informe da Intervención sobre o estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

25.- Dación de conta do Informe do Tribunal de Cuentas Nº 1.418 de fiscalización do cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais.

Dáse conta do Informe do Tribunal de Cuentas Nº 1.418 de fiscalización do cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas entidades locais.

26.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2020.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2020.

27.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

28.- Solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello de Coristanco

1.- Solicitar do Ministerio de Facenda, a través da Delegación Especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria en Galicia, a Delegación da Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, a que se refire o apartado 3 do artigo 91 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, para o Concello de CORISTANCO que, ao amparo do disposto no artigo 7 do citado texto legal, delegou nesta Corporación o exercicio das competencias municipais en materia de xestión tributaria e recadatoria.

2.- Comunicarlle este acordo, de maneira expresa, antes do 1 de outubro de 2021, á Administración Tributaria do Estado.

29.- Dación de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

Dáse de conta da comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

30.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31.- Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Marzo, Abril, Maio e Xuño de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2021 e entregas a conta de Marzo, Abril, Maio e Xuño de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32.- Dación da conta do informe sobre datos relevantes do funcionamento da Tesourería, Xestión Tributaria, Recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020

Dar conta do informe sobre datos relevantes do funcionamento da Tesourería, Xestión Tributaria, Recadatoria e atención ao contribuinte durante o exercicio 2020

33.- Dación de conta da resolución de presidencia número 2484, do 27 de xaneiro de 2021, pola que se nomea persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 2484, do 27 de xaneiro de 2021, pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

34.- Dación de conta da actividade desenvolvida pola Sección de Información e Actas no ano 2020

Dáse conta da actividade desenvolvida pola Sección de Información e Actas no ano 2020. A Sección inclúe as seguintes áreas de actividade: Nivel I de atención á cidadanía, Nivel II de atención á cidadanía, Información Dixital, Actas e Europe Direct A Coruña.

A actividade da Sección preséntase baixo o formato de dous informes específicos: Informe sobre a actividade de Europe Direct A Coruña e Informe que contén a información relativa á actividade das áreas: Nivel I de atención á cidadanía, Nivel II de atención á cidadanía, Información Dixital e Actas e Europe Direct A Coruña

35.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para financiar as actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo do Concello da Capela, dentro do Plan de Emprego Local

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa ao concello da Capela, para o desenvolvemento dun espazo de traballo colaborativo, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º No expediente de tramitación de concesión da subvención nominativa ao concello da Capela, aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- A través do convenio de actividade coa Deputación da Coruña o concello da Capela quere pór en funcionamento o seu novo espazo de traballo colaborativo, co obxectivo de captar persoas emprendedoras e empresas usuarias, axudarlles a desenvolver os seus proxectos empresariais e lanzalos ao mercado, en definitiva, a dinamizar o Coworking A Capela e alcanzar o seu máximo rendemento. Este coworking, que se adherirá á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, pretende chegar a ser un espazo de apoio ás persoas emprendedoras, que impulse os seus proxectos empresariais, facilitando ademais a colaboración e o xurdimento de sinerxias entre eles nun ambiente enriquecedor que favoreza o xurdimento de ideas innovadoras.
O espazo de coworking da Capela busca ser un referente de colaboración público-privada, innovadora e eficaz, baseada na cooperación e a constante procura de obxectivos comúns entre os diferentes axentes participantes. Os seus obxectivos principais son:

- Fomentar o empredemento e o autoemprego no municipio e na contorna, detectando e canalizando axeitadamente a potenciais emprendedores/as autóctonos e nómades dixitais foráneos que procuren un entorno inspirador e tranquilo.
- Dinamizar o tecido empresarial coa posta en marcha e funcionamento a pleno rendemento do Coworking A Capela, que estará á disposición de novos proxectos empresariais, emprendedores/as e demais persoas que decidan desenvolver a súa actividade laboral a distancia nun contexto enriquecedor no que poder intercambiar opinións, boas prácticas e loitar contra o illamento propio do teletraballo desde casa.
- Converter o Coworking A Capela nunha incubadora de novas empresas, guiándoas no proceso de incubación e lanzamento, ofertándolles mentoring para que se convertan en empresas competitivas e duradeiras, que no futuro xeren emprego na zona.
- Dotar aos emprendedores/as dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias para dirixir e levar a bo porto os futuros proxectos empresariais.

- Facilitar aos nómades dixitais e persoas emprendedoras que traballan a distancia os medios físicos e tecnolóxicos para desenvolver os seus proxectos empresariais.
- Achegar as empresas xa en activo da comarca ferramentas, coñecementos e recursos que permitan mellorar a súa competitividade e xestión empresarial.

- La concesión de esta aportación por la Diputación fuera de las convocatorias de concurrencia competitiva, que en cada ejercicio presupuestario se tramitan en el Servicio de Desarrollo Territorial y Medio Ambiente, según la memoria presentada por el Ayuntamiento de A Capela tiene su causa en que el proyecto a desarrollar tiene como objetivo la realización de actividades de puesta en marcha, dinamización y fomento del emprendimiento en el espacio de coworking A Capela de reciente creación.

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación provincial da Coruña e o concello da Capela, con NIF P1501800E, para financiar as actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo no concello.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia alén o exercicio actual, o mesmo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario 2022. Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio 2022, de acordo coa normativa vixente no momento.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DE POSTA EN MARCHA, DINAMIZACIÓN E FOMENTO DO EMPRENDEMENTO NO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO DO CONCELLO DA CAPELA, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Na Coruña.....

REUNIDOS

Dunha parte _____en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte _____en representación do CONCELLO DA CAPELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial da Coruña e o Concello da Capela consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Capela, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela, CIF P1501800E para o financiamento das "Actividades de posta en marcha, dinamización e fomento do emprendemento no espazo de traballo colaborativo do concello da Capela" durante doce meses.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello da Capela levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento desglosado en función da natureza do gasto e a súa adecuación aos prezos do mercado:

	Orzamento total	Achega Concello A Capela (20%)	Achega Deputación (80%)
1. Gastos de persoal directamente adscrito á actividade			
Dinamizador	16.000,00 €	3.200,00 €	12.800,00 €
Subtotal 1	**16.000,00 €**	**3.200,00 €**	**12.800,00 €**
2. Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade			

Gastos correntes e mantemento de instalacións	10.000,00 €	2.000,00 €	8.000,00 €
Deseño da imaxe corporativa	3.000,00 €	600,00 €	2.400,00 €
Publicidade, comunicación e difusión	14.000,00 €	2.800,00 €	11.200,00 €
Subtotal 2	**27.000,00 €**	**5.400,00 €**	**21.600,00 €**
3. Contratación de actividades formativas			
Deseño e desenvolvemento do programa de titorización e mentoring para as persoas usuarias	20.000,00 €	4.000,00 €	16.000,00 €
Obradoiros e cursos de formación relacionados coa xestión empresarial	10.000,00 €	2.000,00 €	8.000,00 €
Charlas, conferencias e eventos	2.000,00 €	400,00 €	1.600,00 €
Subtotal 3	**32.000,00 €**	**6.400,00 €**	**25.600,00 €**
TOTAL	**75.000,00 €**	**15.000,00 €**	**60.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80% do custe do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia alén o exercicio actual, o mesmo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario 2022. Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio 2022, de acordo coa normativa vixente no momento.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Capela obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello da Capela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No procedemento de contratación o Concello da Capela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No caso de que o Concello da Capela tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello da Capela achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requiririase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade....”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un

extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado como unha infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias".

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Capela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello da Capela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o proben.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

5. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Capela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
6. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá

estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

7 Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

8 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

9 A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

10 O Concello da Capela estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

11 Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial se realizarán nos doce meses seguintes á firma do convenio.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Capela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de CATRO MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Capela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Capela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 53 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Capela na documentación achegada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Capela terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que

se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Capela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Capela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello da Capela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Capela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Capela serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Capela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá vixencia durante doce meses a contar desde a data da súa firma, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o Concello da Capela non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **dentro dos catro meses seguintes á data de finalización,** deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a prórroga do convenio, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación

poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder de **3 meses adicionais**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Capela perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello da Capela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de 2021

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña	Polo Concello da Capela
Asdo:	Asdo:

36.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto "Liña 1. Apoio e mantemento da actividade económica. Gastos Correntes, do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, PRESCO" no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021.

1º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa ao Concello da Coruña para o desenvolvemento do proxecto ""LIÑA 1. APOIO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA, PRESCO" , por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º. No expediente de tramitación da concesión da subvención nominativa ao Concello da Coruña, aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- O Concello da Coruña a través do proxecto "LIÑA 1. APOIO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA, PRESCO" ten por finalidade principal apoiar e manter a actividade económica da cidade, mediante axudas a autónomos e microempresas para mitigar os efectos negativos da pandemia, en especial dirixidas ao sector da hostalería e do comercio para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.
- A importancia do proxecto a desenvolver, concíbese como un instrumento fundamental para o apoio e mantemento da actividade económica de dous sectores especialmente golpeados por esta crise, a hostalaría e o comercio, mediante a axudas para gastos correntes. Este tecido empresarial,está composto na súa maioría, por microempresas e principalmente, por persoas traballadoras autónomas a quen se dirixen estas axudas para o mantemento da actividade económica, para a adaptación dos locais ás medidas de prevención e protección frente á COVID-19, así como á súa transformación dixital.
- A transcendencia deste proxecto, ven orixinada pola necesidade de reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das persoas traballadoras autónomas e empresas da Coruña , nunha situación agravada pola crise da COVID-19.
- Cómpre considerar ademáis, que o proxecto contribúe a paliar os efectos da crise socioeconómica que se está a producir a nivel mundial, ocasionada polo coronavirus, e terá un efecto positivo na reactivación económica e social non só da cidade da Coruña, senón tamén da provincia, contribuíndo á supervivencia de sectores estratéxicos e xeradores de emprego na provincia da Coruña e a mellorar a calidade da poboación.
- Por outra banda, cómpre destacar que este proxecto fortalece aspectos a nivel provincial ao abranguer e apostar especialmente polo apoio ao mantemento e impulso de sectores estratéxicos como xeradores de emprego e de riqueza, pola óptica provincial e pola colaboración entre administracións na loita contra a grave

crise socioeconómica de carácter mundial que estamos a sufrir, por mellorar a calidade de vida das persoas e manter o emprego, sustentable e de calidade, elementos estes que se complementan co Plan de Emprego Local da Deputación -PEL

- O contexto no que se enmarca a actividade a desenvolver, coincide cun escenario sanitario e económico excepcional: a pandemia desatada pola COVID-19, fronte á que se responde coa declaración dun estado de alarma en todo o ámbito estatal , coas súas prórrogas posteriores, así como cun conxunto de medidas lexislativas excepcionais e urxentes.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA, CIF P1503000J, para financiar o proxecto "LIÑA 1. APOIO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA, PRESCO"

4º. A subvención provincial prevista no convenio de colaboración ascende a un total de 1.200.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 19,40178%.

5º. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO "LIÑA 1. APOIO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA. GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA, PRESCO", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2021.

Na Coruña, a ……..

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Concello da Coruña,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña consideran de grande interese para a provincia e como prioridade impulsar a actividade económica e a

protección do emprego local para contribuír á reactivación económica do concello derivada da crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial, especialmente á hostalería e ao comercio, da cidade como consecuencia da pandemia sanitaria da COVID-19.

Que o Concello da Coruña puxo en marcha o Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), cuxo obxectivo consiste en contribuír ao mantemento do tecido socioeconómico da cidade, facer fronte ás consecuencias sociais e económicas da pandemia coa maior axilidade posible, proporcionar recursos para o tecido social e económico coruñés, atender as persoas con máis dificultades e mellorar os servizos públicos municipais mediante unha atención cidadá eficiente e segura.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiamento da Liña 1. Apoio e mantemento da actividade económica. Gastos correntes do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, PRESCO, cuxo obxectivo consiste en apoiar e manter a actividade económica da cidade, mediante axudas a autónomos e microempresas para mitigar os efectos negativos da pandemia, en especial dirixidas ao sector da hostalería e do comercio para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓN A REALIZAR

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades do proxecto segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	Importe
Liña 1 PRESCO- Subvencións para gastos correntes. Apoio e mantemento da actividade económica	
Axudas dirixidas a autónomos e micropemes (cotas Seguridade Social)	4.391.350,00€
Axudas dirixidas a sufragar alugueiros de locais comerciais, de hostalería ou sector servizos	1.731.800,00€
Subvención a autónomos e micropemes para o pagamento de xuros	37.110,00€
Programa de incentivos á contratación de persoal	24.740,00€
Total custo proxecto	**6.185.000,00€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da liña de actuación, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 1.200.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 19,40178% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 19,40178% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización desta liña de actuación, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello da Coruña achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán

aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade…" Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación das axudas concedidas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unhas das subvención concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto.
2. Bases reguladoras e a convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e a comunicación da información preceptiva sobre a convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo

Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten

Rematada completamente a actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa asinada pola Alcaldesa-Presidenta, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificado das axudas aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións abonadas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
5. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial comprenden dende o **1 de xuño de 2020 e ata o 31 de outubro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinadas por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gastos presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas,

subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende **1 de xuño de 2020 ata o 31 de outubro de 2021,** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de abril de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña	Polo Concello da Coruña
Asdo:	**Asdo:**

37.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do Plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local - PEL, anualidade 2021

1º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa ao Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto "LIÑA DE AXUDA ÚNICA,GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE MANTEMENTO E IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL (PAME3) ", por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º. No expediente de tramitación da concesión da subvención nominativa ao Concello de Ferrol, aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- O Concello de Ferrol a través do proxecto "LIÑA DE AXUDA ÚNICA,GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE MANTEMENTO E IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL (PAME3) " ten por finalidade principal apoiar e e manter a actividade económica da cidade mediante axuda a autónomos, microempresas ou pequena empresa do concello para mitigar os efectos negativos da pandemia en especial dirixidas ao sector da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura, para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.
- A importancia do proxecto a desenvolver, concíbese como un instrumento fundamental para o apoio, mantemento e impulso da actividade económica dos sectores máis afectados polas sucesivas medidas adoptadas polo COVID-19 como son o tecido empresarial, hostaleiro, ocio nocturno e cultural, mediante axudas para gastos correntes. Este tecido empresarial, hosteleiro, ocio nocturno e cultural está composto na súa maioría, por persoas autónomas, microempresa e pequena empresa a quen se dirixen estas axudas para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da cidade, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.
- A transcendencia deste proxecto, ven orixinada pola necesidade de reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das persoas traballadoras autónomas e empresas de Ferrol, nunha situación agravada pola crise da COVID-19.
- Cómpre considerar ademáis, que o proxecto contribúe a paliar os efectos da crise socioeconómica que se está a producir a nivel mundial, ocasionada polo coronavirus, e terá un efecto positivo na reactivación económica e social non só da cidade de Ferrol, senón tamén da provincia, contribuíndo á supervivencia de sectores estratéxicos e xeradores de emprego na provincia da Coruña e a mellorar a calidade da poboación.

- Por outra banda, cómpre destacar que este proxecto fortalece aspectos a nivel provincial ao abranguer e apostar especialmente polo apoio ao mantemento e impulso de sectores estratéxicos como xeradores de emprego e de riqueza, pola óptica provincial e pola colaboración entre administracións na loita contra a grave crise socioeconómica de carácter mundial que estamos a sufrir, por mellorar a calidade de vida das persoas e manter o emprego, sustentable e de calidade, elementos estes que se complementan co Plan de Emprego Local da Deputación -PEL
- O contexto no que se enmarca a actividade a desenvolver, coincide cun escenario sanitario e económico excepcional: a pandemia desatada pola COVID-19, fronte á que se responde coa declaración dun estado de alarma en todo o ámbito estatal , coas súas prórrogas posteriores, así como cun conxunto de medidas lexislativas excepcionais e urxentes.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL CIF P1503700E , para financiar o proxecto LIÑA DE AXUDA ÚNICA,GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE MANTEMENTO E IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL (PAME3) ",

4º. A subvención provincial prevista no convenio de colaboración ascende a un total de 800.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 44,4444445 %.

5º. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O PROXECTO "LIÑA DE AXUDA ÚNICA,GASTOS CORRENTES, DO PLAN DE MANTEMENTO E IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE FERROL (PAME3), NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL - PEL , ANUALIDADE 2021

Na Coruña, a ……..

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Concello de Ferrol,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ferrol consideran de gran interese para a provincia e como prioridade impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica do concello derivada da crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial, especialmente o sector da restauración e hospedaxe, de ocio nocturno, comercio local e cultural da cidade como consecuencia da pandemia sanitaria do COVID-19.

Que o Concello de Ferrol puxo en marcha o Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol (PAME3) cuxo obxectivo consiste en atender aquelas actividades que máis están sendo afectadas polas sucesivas medidas adoptadas para paliar as emerxencias sanitarias que se veñen producindo polo COVID-19 e que máis sufriron esta situación como son o tecido empresarial, hostaleiro, de ocio nocturno e cultural e facer fronte ás consecuencias sociais e económicas da pandemia coa maior axilidade posible.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Ferrol, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol, CIF P1503700E, para o financiamento da única liña de axuda. Gastos correntes do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica no termo municipal de Ferrol (PAME 3) cuxo obxectivo consiste en apoiar e manter a actividade económica da cidade mediante axuda a autónomos, microempresas ou pequena empresa do concello para mitigar os efectos negativos da pandemia en especial dirixidas ao sector da restauración e hospedaxe, ocio nocturno, comercio local e cultura, para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓN A REALIZAR

O Concello de Ferrol levará a cabo as actuacións do Plan, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	IMPORTE
Liña única de axuda do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Económica de Ferrol (PAME 3). Subvención para gastos correntes	
Axuda 1. Axudas dirixidas a sufragar cotas da seguridade social ou do réxime especial de traballadores autónomos	**1.800.000,00 €**
Axuda 2. Axudas dirixidas a sufragar alugueiros de locais e cotas de préstamos hipotecarios	

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da liña de actuación, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 800.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 44,4444445 % do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 44,4444445 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que o Concello de Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización desta liña de actuación, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello de Ferrol achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e

debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requiririase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade…" Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable"

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ferrol pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación das axudas concedidas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unhas das subvención concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto.
2. Bases reguladoras e a convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e a comunicación da información preceptiva sobre a

convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. O Concello de Ferrol estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten

Rematada completamente a actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa asinada polo Alcalde-Presidente, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificado das axudas aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións abonadas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. O Concello de Ferrol estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
5. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Ferrol na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden dende **o 01 de decembro de 2020 ata o 31 de outubro de 2021.**

2. Unha vez rematas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gastos presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza xeral provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o **día 01 de decembro de 2020 ata o 31 de outubro de 2021,** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Ferrol non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de abril de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ferrol perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Ferrol, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a

distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña	Polo Concello de Ferrol
Asdo:	**Asdo:**

38.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto "Eixos 2 e 4 do Plan Marco de reactivación Económica e Social do Concello de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Emprego Local, anualidade 2021

1º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa ao Concello da Santiago de Compostela para o desenvolvemento do proxecto "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" , por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma.

2º. No expediente de tramitación da concesión da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela aprécianse razóns de interese público que acreditan esta concesión, como se indica a continuación:

- O Concello de Santiago de Compostela a través do proxecto "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" ten por finalidade principal apoiar e manter a actividade económica na cidade, mediante axudas directas a comerciantes, hostalaría, persoas autónomas e mircroempresas, así como medidas de apoio específico ao sector comercio, para mitigar os efectos negativos da pandemia e deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica..
- A importancia do proxecto a desenvolver, concíbese como un instrumento fundamental para o apoio e mantemento da actividade económica de dous sectores especialmente golpeados por esta crise, a hostalaría e o comercio, mediante axudas directas. Este tecido empresarial,está composto na súa maioría, por microempresas e principalmente, por persoas traballadoras autónomas a quen se dirixen estas axudas para o mantemento da actividade económica.
- A transcendencia deste proxecto, ven orixinada pola necesidade de reactivación e supervivencia da actividade e mantemento do emprego das persoas traballadoras autónomas e empresas de Santiago de Compostela , nunha situación agravada pola crise da COVID-19.
- Cómpre considerar ademáis, que o proxecto contribúe a paliar os efectos da crise socioeconómica que se está a producir a nivel mundial, ocasionada polo coronavirus, e terá un efecto positivo na reactivación económica e social non só da cidade de Santiago de Compostela, senón tamén da provincia, contribuíndo á supervivencia de sectores estratéxicos e xeradores de emprego na provincia da Coruña e a mellorar a calidade da poboación.
- Por outra banda, cómpre destacar que este proxecto fortalece aspectos a nivel provincial ao abranguer e apostar especialmente polo apoio ao mantemento e impulso de sectores estratéxicos como xeradores de emprego e de riqueza, pola óptica provincial e pola colaboración entre administracións na loita contra a grave crise socioeconómica de carácter mundial que estamos a sufrir, por mellorar a calidade de vida das persoas e manter o emprego, sustentable e de calidade,

elementos estes que se complementan co Plan de Emprego Local da Deputación -PEL

- O contexto no que se enmarca a actividade a desenvolver, coincide cun escenario sanitario e económico excepcional: a pandemia desatada pola COVID-19, fronte á que se responde coa declaración dun estado de alarma en todo o ámbito estatal , coas súas prórrogas posteriores, así como cun conxunto de medidas lexislativas excepcionais e urxentes.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA , CIF P1507900G, para financiar o proxecto "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA"

4º. A subvención provincial prevista no convenio de colaboración ascende a un total de 1.000.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 31,11%.

5º. A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO "EIXOS 2 E 4 DO PLAN MARCO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2021.

Na Coruña, a ……..

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Concello de Santiago de Compostela,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago consideran de grande interese para a provincia e como prioridade impulsar a actividade económica e a protección do emprego local para contribuír á reactivación económica do concello derivada da crise económica que afecta de forma directa ao tecido empresarial,

especialmente á hostalería e ao comercio, da cidade como consecuencia da pandemia sanitaria da COVID-19.

Que o Concello de Santiago puxo en marcha o Plan Marco de Reactivación Económica e Social de Santiago de Compostela, cuxo obxectivo consiste en impulsar medidas de reactivación económica a curto, medio e longo prazo nun espazo de concertación cos axentes económicos da cidade, que permita aos mesmos, afrontar con información fiable e medidas útiles de consenso, a crise socioeconómica que se está a vivir nestes momentos.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Santiago, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, CIF P1507900G, para o financiamento dos Eixos 2 e 4 do Plan Marco de Reactivación Económica e Social de Santiago, cuxo obxectivo consiste en apoiar e manter a actividade económica na cidade, mediante axudas directas a comerciantes, hostalaría, persoas autónomas e mircroempresas, así como medidas de apoio específico ao sector comercio, para mitigar os efectos negativos da pandemia e deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓN A REALIZAR

O Concello de Santiago levará a cabo as actividades do proxecto segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	Importe
Eixos 1 e 2 do Plan Marco de Reactivación Económica e Social	
Axudas para a reactivación económica do comercio local	**19.862,05€**
Programa Coidar para mellorar. Mellora e innovación do comercio local	**237.482,98€**
- Cheque de consultoría nos eidos da comunicación, mercadotecnia dixital, comercio electrónico, acondicionamento físico dos negocios, mercadotecnia visual e innovación empresarial.	45.012,00€
- Axudas para a mellora e innovación do comercio local	192.470,98€
Axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID-19. 1ª convocatoria	**600.000,00€**
Axudas para a restauración e hospedaxe afectado pola COVID-19. 1ª convocatoria	**1.356.764,81€**
Axudas para o rescate do comercio local afectado pola COVID-19.	**500.000,00€**

2ª convocatoria	
Axudas para a restauración e hospedaxe afectado pola COVID-19. 2ª convocatoria	**500.000,00€**
Total custo proxecto	**3.214.109,84€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 1.000.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 31,11% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 31,11% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle ao Concello de Santiago o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que o Concello de Santiago tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización desta liña de actuación, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, o Concello de Santiago achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso o beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade…” Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado una infracción simple e sancionada co importe que resulte da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación das axudas concedidas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unhas das subvención

concedidas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto.

2. Bases reguladoras e a convocatoria específica das axudas para os/as beneficiarios/as e a comunicación da información preceptiva sobre a convocatoria específica das axudas e outros aspectos desta, remitida polo Concello á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. O Concello de Santiago estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten

Rematada completamente a actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa asinada polo Alcalde-Presidente, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificado das axudas aboadas, asinado dixitalmente pola Secretaría e Alcaldía conforme os gastos xustificativos de cada unha das subvencións abonadas foron revisados e fiscalizados polo concello de acordo coas bases reguladoras publicadas para o efecto e de conformidade co informe expedido polo/a titular do órgano interventor municipal.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. O Concello de Santiago estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
5. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial comprenden dende o **1 de abril de 2020 e ata o 31 de outubro de 2021**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO

TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial será determinadas por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gastos presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Santiago poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende **1 de abril de 2020 ata o 31 de outubro de 2021,** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2021** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Santiago non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2021**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de abril de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Santiago perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións

nomeados polo Presidente da Deputación e o do Concello de Santiago, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Asdo:

Polo Concello de Santiago de Compostela

Asdo:

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que se están a aplicar nesta autoestrada: como a bonificación das tarifas, e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario "nulo de pleno dereito". Esta suba, que se está a aplicar dende o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia, e tarifas que seguirán aumentando progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas.

Este suba das peaxes redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España.

Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúa sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes dende 2018.

Non podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes obras pendentes como a ampliación da avenida de Alfonso Molina e o Vial 18 na Coruña; o remate da saídas en Ferrol; o enlace Orbital en Santiago; a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra; ou a integración urbana en Vigo.

Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular insta ao Goberno de España:

1. Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.

2. A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.

3. A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

Moción que presentan os grupos provinciais DO PSdG-PSOE E BNG pola que se insta á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no ano 2006 da Lei de Dependencia por parte do Goberno de España, supuxo un fito histórico na ampliación do Estado do Benestar en España e actualmente hai 1,1 millóns de persoas beneficiarias con dereito efectivo. Sen dúbida un grande avance no sistema de protección social en España.

Como dispón con carácter xeral o artigo 11 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, correspóndelle ás Comunidades Autónomas "xestionar no seu ámbito territorial, os servizos e recursos necesarios para a valoración a atención á dependencia".

Nomeadamente, o Servizo de Axuda no Fogar é un dos recursos de atención ás persoas dependentes máis demandados, con máis de 24.000 usuarios en toda Galicia. Aínda que a competencia é da Xunta de Galicia, a súa xestión foi derivada aos Concellos.

De feito, a súa xestión e financiamento vén imposto aos Concellos en virtude da Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A achega da Xunta de Galicia ao financiamento deste servizo da súa competencia é de 9,7 euros/hora, e a dita aportación está conxelada dende o Decreto do ano 2012, permanecendo inalterada a insuficiente contía que aporta a Xunta para a xestión dunha competencia propia.

Na Orde de 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de Dependencia recóllese:

Módulo económico a aplicar: a achega da Xunta de Galicia será igual á diferencia entre o custe do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custe do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención (PIA) de Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9.7 € por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo.

A axuda no fogar é unha competencia impropia que asumen os concellos cando lle corresponde ás administracións autonómica e estatal. Hai que ter en conta que o prezo do salario base mensual de auxiliar de axuda no fogar pasou de 24,72€/h en 2012 a

26,74€/h en 2021, un aumento de dous euros/hora en cada hora de cada auxiliar. Son os Concellos quen teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Esta situación é insostible para a maioría das finanzas municipais, tendo en conta, ademais que, a menor presuposto municipal (concellos pequenos e normalmente con maior dispersión poboacional) os custes por hora vense incrementados

Por todo o anteriormente exposto, o pleno da Deputación de A Coruña acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a que incremente o financiamento do Servizo de Axuda Fogar da súa competencia e que xestionan os concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de modo que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se poda prestar este servizo coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para as e os profesionais do dito servizo.

2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o acordo adoptado por esta corporación para o seu coñecemento e efectos.

3. Trasladar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias para o seu coñecemento e efectos.